Dar cuenta de puesta en servicio de los locutorios telefónicos de Codeseda, Souto de Veá, Fojo-Corbelle y Oca.- El Ayuntamiento Pleno se da por enterado y ve con agrado de que desde el día 13 del corriente mes, fecha en que fueron inaugurados, vienen funcionando los locutorios telefónicos de Codeseda, Souto de Veá, Fojo-Corbelle y Oca.

O teléfono público en Codeseda atopábase no centro da Sagrada nos baixos da casa onde estaba instalado o correo e o telégrafo, casa coñecida como a do señor Caietano e a señora Sofía. A chamada telefónica facíase sempre a través dunha operadora. Para isto accionábase a manivela de magneto (xerador eléctrico), que producía unha corrente que facía acender unha luz na centraliña da Estrada. A operadora atendía a chamada pedindo o número de teléfono desexado. A conversa transcorría máis ou menos desde xeito.

Señora Sofía: *-Estrada, Estrada, aquí Sagrada. Estrada, Estrada, aquí Sagrada*, e de aí a un anaco respondía a operadora da Estrada.

Señora Sofía: *-Quería conferencia co número X de...* (e dicía a localidade desexada). Ao final da chamada, a operadora da Estrada dáballe o tempo consumido e o importe a pagar. Pero o normal era que a operadora dixera *ten vinte minutos de demora*, que se convertían en tres cuartos de hora ou máis.

O teléfono do locutorio de Codeseda, está hoxe en Ouzande na casa de Suso Durán e de María Isabel Parada (Chita), filla esta do señor Caietano e da señora Sofía, de Codeseda, onde exerceu de telefonista e de carreira.

A Compañía Telefónica Nacional de España remite escrito con data 23 de decembro de 1977 ó alcalde do concello da Estrada, participándolle o cambio de teléfonos públicos rurais por teléfonos públicos de servizo.

Con el fin de unificar los servicios telefónicos a nivel Nacional, nuestra dirección nos ha encomendado una gestión con los Ayuntamientos de esta Provincia, a fin de que los hasta ahora denominados teléfonos públicos rurales, existentes en las distintas parroquias sin percepción de comisión, con su aprobación pasarán a ser teléfonos públicos de Servicio (Teléfono de acceso total y contador de llamadas) con la percepción del 10% de comisión sobre los servicios medios cursados...

A finais dos anos setenta do pasado século o teléfono en Codeseda era xa automático e Codeseda tiña asignado o número 570786. Estaba localizado no *Bar do Panadeiro* da Sagrada e tiña un marcador por pasos, que se poñía en marcha en canto comezaba a chamada. Cerrado este local por xubilación, pasou o teléfono para a taberna coñecida co nome de *Casa Ignacio*, sita no mesmo lugar.

A finais dos anos setenta na parroquia de Santo André de Souto tamén se instalou o teléfono. Para trasladar o tendido telefónico



desde Codeseda a Souto tiña que atravesar polo lugar de Xubrei da parroquia de Codeseda, polo que os seus veciños solicitaron que lle fose instalado un teléfono público. Ante esta petición Telefónica respondeu negativamente e ante esta resposta os veciños de Xubrei celebraron unha xuntanza para consultar cun avogado a pena que poderían sufrir se cortaban os postes de Telefónica. Aconselloulles o letrado que non se lles ocorrese cortar os postes, pois poderían traerlles graves consecuencias. Xuntáronse de novo os veciños e tomaron a firme decisión de arrincar os postes do tendido telefónico, unha e outra vez ata conseguir que Telefónica cedese á súa demanda. A Telefónica non lle quedou outra que consentir, instalando un teléfono público na taberna de Silva en Xubrei co número de abonado 571509. Ao tempo que se instalaba teléfono en Xubrei, tamén se fixo no lugar de Quintas na casa coñecida como *Casa de Garrido*, onde vivían o señor Senén e a señora Rosalía, con número 571570, isto era con data de agosto de 1979.

O telefono chega ao lugar da Portela de rebote. A xunta parroquial de veciños de Callobre manifesta que a parroquia está servida por dous teléfonos públicos, non sendo precisa a instalación doutro.

En su lugar se propone el cambio para la Portela (Codeseda-Norte), sin que esto signifique modificación o aumento de obra, ya que por La Portela pasa la Línea de la parroquia de Liripio, y se trata solamente de enganche

Justificación: «El lugar de La Portela, pertenece a la parroquia de Codeseda motivo este por el que no le fue asignado en el Proyecto, ya que Codeseda tiene teléfono publico instalado anteriormente [...] No obstante esta Alcaldía considera muy necesaria la instalación de teléfono público en el lugar de Portela por tratarse de un núcleo muy distante de Codeseda centro, situado a cinco kilómetros, sobre la carrereta La Estrada-Vilapouca. Tiene escuela unitaria, y es zona de influencia sobre otros 5 lugares cercanos tambien incomunicados».

Este teléfono instalouse entre finais de 1979 e principios dos anos 80, e correspondíalle o número de aboadado 570650. Estaba localizado na taberna de Eloi, e cando este se xubilou pasou para a taberna de Cadavid.

Na instancia de data 2 de setembro de 1985 encabezada por Juan José Fernández González en calidade de concelleiro, en unión da Comisión de Veciños de Codeseda expónse:

Que la parroquia de Codeseda sobrepasa los 900 habitantes, con una distancia inferior a 200 metros entre casas, por lo que atendiéndose al real Decreto 2248/1984, de 28 de noviembre, acuerdan formar un núcleo formado por los lugares de Sagrada, Fontenlo, Filgueiras, Devesa, Currelos, Barro, Carballiño, Quintas, Xubrey, Outeiro, Campos, Fragoso, Marcenlos, Monteagudo e Insuela, denominándolo núcleo de Sagrada...

A efectos de colocación de teléfonos rurais.

Xa será a principios dos anos noventa cando a maior parte das casas que conforman o núcleo parroquial dispuñan de teléfono fixo. Porén o desenvolvemento tecnolóxico minou a instalación dos teléfonos fixos e para ir cos novos tempos hoxe en día case todo o mundo dispón dun teléfono móbil.

### **Fontes e bibliografía**

Arquivo Municipal da Estrada. Libros Actas dos Plenos e da Comisión Municipal Permanente.

EL EMIGRADO. (8/9/1928) *El teléfono*.

FARO DE VIGO, (Tabeiros-Montes, 18/1/ 2020). Luís Ferro/J.M. Bértolo. «A historia da chegada do teléfono a Codeseda».

VARELA CASTRO, P. *La Estrada*. Santiago, 1923.







# Lumière de nós. Chano Piñeiro ou a teima dun soño (1954-1995)

Francisco Rozados «Rochi»  
franciscorozados@gmail.com

**Resumo.** Este ano cumpriuse o xxv cabodano de Chano Piñeiro, o máis senlleiro director de cine galego. Con ese motivo, Edicións Fervenza acaba de publicar a súa biografía máis completa ata o momento, acompañada dun arquivo gráfico que axuda a comprender a obra deste pioneiro e valedor do noso audiovisual. Nesta colaboración faise un percorrido pola súa filmografía e pola súa concepción do cine dende a perspectiva do compromiso coa cultura e coa lingua de noso.

**Abstract.** This year marks the 25th death anniversary of Chano Piñeiro, the most extraordinary Galician film director. For this reason, Fervenza Publications has just published the most complete biography until now, with a graphic archive which helps us to understand the work of this pioneer and defender of our audiovisual world. This collaboration covers his filmography and his conception of cinema from a perspective of commitment to our culture and language.

*Verum amicum qui intuetur,  
tamquam exemplar aliquod intuetur sui*

(Cicerone, *De amicitia*, 7, 23)

Do cineasta ruso Andrei Tarkovski dixo o gran Ingmar Bergman que era, segundo a súa opinión, o máis grande. E díxoo, sinxelamente, porque o ruso reinventara a sétima arte cunha nova linguaxe que capturaba a vida coma se fose un soño. Meu amigo Chano Piñeiro, que Méliès teña na gloria, pretendeu máis ou menos iso mesmo co seu xeito de facer e vivir o cine: capturar a vida e facernos soñar. Na súa curta existencia non tivo tempo máis que para tecer seis soños, mais foron abondo para conquistar os corazóns dos que amamos o cine e tamén a lingua, porque na obra de Chano esas dúas arelas, esas dúas paixóns, van axugadas coma dúas vacas que labrasen a un tempo dous regos: o das verbas e o das imaxes en movemento, aínda que en ocasións, de xeito paradoxal, prescindise daquelas para potenciar a emotividade destoutras.

O cine é un invento colosal, entre outras cousas porque é o único que pode compendiar todas as demais artes e ademais o que, coma ningunha, pode ofrecer unha razoable aparencia de vida. Ademais de colosal, resulta tan marabilloso e tan excitante que, nos tempos do vello Hollywood e segundo nos deixou escrito o cinéfilo Terenci Moix, quen practicaba o onanismo pensando en Hedy Lamarr exculaba perlas. Aí é nada!

O cine que Chano adoraba era o cine poético, o cine que nos ofreceran antes ca el directores coma Akira Kurosawa en *Dersu Uzala* (O Cazador), Sohei Imamura en *A Balada de Naraiama* ou Ermanno Olmi en *A Árbore dos zocos*, un cine sen artificios que captura e expresa a vida da xente común e sinxela, sen fachenda, no lugar onde transcorre a súa existencia, tamén sinxela e afastada da dobrez e da afectación. Nesa caste de cine poético, aínda que o poema non se elabore con versos e si con fotogramas, a lonxitude do vento mídese co metro dos soños. Por iso Chano fixo voar o arroutado inventor e sabio aldeán Caladiño no incerto final de *Sempre Xonxa*, para que medira cos soños e con aquelas súas ás de poesía a lonxitude do vento –irmán das nubes– de Trasdormonte. Porque o noso cineasta pasou de ler os soños alleos a escribir os seus propios, e para el soñar quería dicir voar.

Segundo deixou dito o francés Robert Bresson, seguramente o cineasta que máis había influír en Tarkovski, o cine sonoro inventou o silencio. Opinaba iso e deixábo por escrito na súa maxistral lección de cine expresada a base de aforismos e titulada *Notas sobre o cinematógrafo*. O silencio!, tan importante no cine coma na música –ou na propia vida, diría eu–, a ausencia de sons, pero sobre todo de palabra, porque se algo ten a imaxe é que pode expresar por si soa un abano enorme e complexo de situacións e de sentimentos. Así o pensaban tamén Chaplin e Hitchcock, eses dous cumes da cinematografía universal. Os dous procedían do cine silente e os dous avogaban por representaren a meirande parte posible dos seus filmes sen diálogos, coa mera forza das imaxes. O primeiro lembrounos que a maxia da sétima arte é a imaxe soa e pura, non en balde foi quen de comunicar todas as clases de expresións e sentimentos sen ter que botar man da palabra. En *Mamasunción*, a xenial curtametraxe

que puxo a Chano no mapa do cine galego, vaga algo de esa maxia silente e primixenia que ten que ver coa comunicación afectiva. Pola súa banda, Hitchcock deixou escrito a lume que *Cando se conta unha historia no cine, só se debería acudir ó diálogo se for imposible facelo doutro xeito*. O que Chano propón, consonte eses preceptos, é liberar a película da férrea tutela da linguaxe. Reducindo a inercia do lingüístico logra, por momentos, que a visión e a vivencia da obra poidan converterse nunha confrontación directa coa imaxe, e a proximidade do espectador non pode ser maior con respecto a ela. O observador é empurrado ata o punto de sentila coma unha reacción propia. Acada, dese xeito, a película perfecta, pois non hai máis que deterse na ollada da anciá protagonista para asumir a esgrevia realidade que se conta e entendela toda de golpe, ó xeito dunha desacougante sacudida que nos percorre corpo e alma a un tempo. E diso se trata, ou non? De impactar, de provocar que a nosa medula estremeza coa forza dos sentimentos.

En *Mamasunción* Chano quixo contar unha historia real acontecida no Forcarei da primeira metade do século xx. A historia dunha nai que vai todos os días ó Correo durante anos para matar a incerteza na que vive tras a emigración do fillo con quince anos ás Américas –destino de por si incerto dunha boa parte dos nosos paisanos durante ese século tan fermoso coma tráxico–, sen nada saber del ata que o propio fillo volve, xa ancián tamén, para levala consigo á terra prometida, na que os dous falecen lonxe da terra nai (Chano cambiaría o final nunha fermosa licenza artística para dramatizar aínda máis o que xa era unha historia –a nosa historia– triste e magoada). Lembro, rescatada da miña infancia, unha vívida imaxe da verdadeira *Mamasunción*, a señora María Rosa da Regueira, sentada no poio da súa casa, fronte ó antigo cuartel da Garda Civil, e, diante dela, unha manta que expoñía as mazás recollidas das súas maceiras para vender a unha peseta. Tamén lembro que aquel día non era día de feira, polo que sospeito que moi necesitada tiña que estar a velliña para se ver precisada de facer aquilo. E tamén lembro, para rematar esta breve analepse, un maduro Paco Farria abaneando pola estrada –aínda unha amálgama de terra e coios– que ía dende a metade mesma do núcleo de Forcarei á parroquia de Dúas Igrexas. Non


podía adiviñar daquela que esas dúas persoas, dous veciños máis do concello no que nacín e dei os meus primeiros pasos, se converterían, por mor do vizoso maxín de Chano, en dúas criaturas cinematográficas que habían dar a volta ó mundo para facer bo o adaxio *chejoviano* que aconsella: *Se queres ser universal, fala da túa aldea.*

Hai agora dezasete anos un amigo que fai *Cousiñas* pola *Estrada da vida*, xunto co trasdezán Manuel Núñez, propuxéronme que lles escribise unha biografía daquel meu veciño e amigo que había xa oito anos que se mudara para sempre de onda nós co gallo de que formase parte dunha das coleccións de Edicións Fervenza, fundada por eles había tres anos. A colección chamábase *As nosas fontes*. Quen se podía negar a aqueles amigos, Xosé Luna e Manuel Núñez, e a aquel marabilloso proxecto que tiña o libro, unha das cousas máis marabillosas que creou a especie humana, como medio e como fin? O libro! ese enxeño en cuxa fabricación participaron escritores, ourives, gramáticos, gravadores, tradutores e maquinistas, sometidos todos nos inicios á xerarquía do impresor. Non negarei que son un fetichista dos libros, un bibliómano. E tamén un *cinéfago* recalcitrante. Nesta segunda biografía de Chano Piñeiro que acabo de presentar –e cuxo título é o mesmo que encabeza este traballo– dou fe dunha das moitas cousas que compartín co biografiado: somos, el e e mais eu, as únicas persoas que coñecín na miña vida que, na súa etapa universitaria en Compostela, adoitaban ir, na mesma tarde e unha tras outra, ás tres sesións que entón proxectaban os cines da cidade: O Capitol, o Yago, o Principal, o Salón Teatro e o Avenida. Obviamente, non todos os días, pero si unha ou dúas veces á semana. El facíao na primeira metade da década dos setenta, eu na primeira metade dos oitenta. Con ese precedente estabamos predispostos a reencontrármonos, pois xa medraramos xuntos, sendo el un adolescente e eu un cativo, separados a penas por tres casas no barrio de abaixo de Forcarei. El deixou Forcarei para se asentarse en Vigo con Mariluz, a súa dona. Foi precisamente nos oitenta, despois de filmar *Mamasunción*, cando retomamos o contacto perdido, primeiro pola vía epistolar e despois coas escapadas del a Forcarei ou coas miñas a Vigo, segundo se terzara. Converteuse, así, nun referente esencial. A vida quixo que fose moi curto aquel tempo que compartimos, pois


en marzo do 95 Chano foise de onda nós para se converter nun símbolo, nunha das pedras angulares sen as cales poucas perspectivas de existir tería o cine galego tal e como hoxe o contemplamos.

No 2003, xa que logo, saíu do prelo aquela primeira biografía da miña autoría, que non a primeira publicada, pois xa se nos adiantara en catro anos o amigo, crítico e xornalista vigués Xoán Acuña coa súa *Chano Piñeiro: unha historia do cinema galego* (Edicións do Cumio, 1 de maio de 1999). O de Fervenza do 2003 era un libro pequeno en branco e negro, de tan só 64 páxinas, que repasaba a vida e obra do

director de Forcarei acompañada dun arquivo gráfico composto por 56 fotografías. A edición que me acaba de publicar tamén Fervenza no pasado setembro deste ano, a toda cor, consta de 192 páxinas e un total de 150 fotografías, algunhas delas inéditas, sobre todo da rodaxe de *Sempre Xonxa*. O enfoque da biografía non é, como xa non o era na do 2003, o dun experto ou dun crítico de cine, senón o dun amigo que coñeceu moitas das reviravoltas da vida e obra de Chano e trata de compartilas co lector. Hai un percorrido polas distintas etapas que o director afrontou, con máis detemento na infantil, naquel tempo que constituíron os dous lustros que medrou en Forcarei e que persistiu coma unha marca de fábrica no seu corazón e en toda a súa filmografía. Podo dicir que compartín con el, malia os anos que nos separaban, moitas cousas: a vella escola graduada de Forcarei e a mestra de primeiras letras –a lembrada Carmen Cubela–, o barrio, o cine *Colón*, as amizades, o colexio de bacharelato en Marín, a paixón pola Terra de Montes, polo cine e pola lingua. O certo é que cando dúas persoas teñen tantas cousas –boas– en común enténdense coa ollada. Aínda que bastaría unha soa, a paixón



Portada da biografía publicada por Edicións Fervenza en 2003.



Portada da edición de setembro de 2020.

—niso era ferreñamente firme—, e se algo o condicionaba era unicamente o amor polo país —*un amor sen medida e dende a militancia persoal co país enteiro, sen capela nin parroquia*, como me contaría Xosé Luís Rivas Mini no documental *Mamasunción volve ó correo*—, ademais do compromiso coa lingua. O mundo está inzado de ovellas que negan ser ovellas e, aínda así, pacen. Chano non pacía, senón que arrincaba soños da herba que outros pacen. O escritor Milan Kundera dicía que, no ser humano, a cabeza está chea de soños e o traseiro, coma unha áncora de ferro, nos mantén a ras de terra. Chano tronzou esa áncora e quixo facer un cine que soñara e que fixese soñar. E mesturou ese soño coa capacidade de voar, nunha amálgama aéreo-onírica —desculpen a cacofonía— que daría pé a fermosas escenas coma a xa descrita que finaliza *Sempre Xonxa*, co arroutado inventor e sabio de aldea Caladiño sobrevoando Trasdamente para dicirnos que non podemos ter o cu atado á terra, senón que debemos transcendela como debemos transcender todo o que nos é propio, para darlle unha meirande visibilidade en contraposición á peque-

cinéfila da que antes falabamos. Esa paixón, igual cá poesía, cando é verdadeira, é o froito dunha posesión, e niso coincidiamos por riba de todas as cousas: os dous estabamos posuídos pola arte dos Lumiére. Chano describíaa no seu libro póstumo *A luz dun soño e outros textos de cine* sinalando, coa súa habitual retranca, que

era como unha droga, como un veneno do que non se coñece contraveleno, como algo que mata pero non engorda.

Mais, como afrontou esa súa paixón e a converteu en cine? Saíndo do común, internándose en vieiros cheos de obstáculos e mesmo cambadelas. Nunca se pregou a ningunha imposición

nez de miras de quen intenta impor un punto de vista mediocre e monolítico.

Se houbo dúas persoas que deron coa chave á hora de definir ese compromiso e esa maxia que Chano plasmou na súa filmografía foron, por unha banda, o xornalista vigués Ánxel Vence, que no prólogo do libro de Chano *Conversas co vento* o definiu cunha fermosísima e poética frase na que dicía que «era un ser cunqueiriano daquela época incerta e feliz na que os animais falaban e os homes gardaban no faiado raiolas de sol, retais de vento e anacos de soños», e pola outra o poeta lugués Miguel Anxo Fernán-Vello, que o cualificou de *Lumière de nós* –de onde xenerosamente obtivemos o título da biografía– a un tempo que lle mostraba a súa gratitude por ternos fornecido dun *cine medido en ferrados de corazón*, porque Chano, que era boticario de profesión, atopou un día esa fórmula maxistral que, ademais de sandar, nos convidaba a soñar e a voar. Se algo tiña claro o director de Forcarei era que non había que pedir licenza para voar, porque as ás son nosas e o ceo non é de ninguén.

A infancia de Chano estivo sementada de películas, as que proxectaba o cine *Colón*, que nutriu os soños dos veciños de Forcarei dende 1947 a 1981 –podo dar fe, porque eu fun un deles–. Nos anos sesenta protagonizaría o seu particular *Cinema Paradiso* da man do señor Manuel Barreiro, home renacentista onde os haxa que chegou a ser, ó mesmo tempo, proxeccionista, reloxeiro, carteiro, pintor e fotógrafo, ademais de ser quen o ilustrase sobre o caso da señora María Rosa e o seu peculiar costume de ir ó Correo todos os días, chovese coma quen a envorca ou nevase sobre sombra, e ser tamén quen, unha vez que Chano leva aquela fermosa e tráxica historia á pantalla grande, se interprete a si mesmo na ficción dando carimbazos ás cartas xa dende os títulos de crédito. Da man daquel avezado e heteroxéneo carteiro aprendería Chano os rudimentos da fotografía, e tamén os da imaxe en movemento á beira da gran *Ossa VII* da cabina do cine *Colón*. E xa non se separaría desa paixón en toda a súa curta vida. Na década seguinte, cando andaba pola vintena, Mariluz Montes, a súa dona, regaloulle unha camariña Minolta Super-8. Con ela comezou, en verbas de Mariluz, *a filmar ata as pedras dos camiños*. En 1977, rematada a carreira de boticario,





Chano meditando na rodaxe de *Sempre Xonxa*.

Chano escribiu un guiión baseado libremente no *Sempre en Galiza* de Castelao. Daría como froito a súa primeira curtametraxe, titulada *Os paxaros morren no aire*. Con ela había gañar o premio ó Mellor Guiión no IV Certame de Cine Afeccionado de Vilagarcía, o Film de Oro do Ministerio de Cultura e o Quijote de Honor do IX Certame Ciudad de Alcalá de Henares, todos xa en 1978. Nese mesmo ano proponse rodar a primeira longametraxe do cine galego en formato afeccionado (a canda *Malapata*, de Carlos López Piñeiro), e así leva a cabo *Eu, o tolo*, que constituirá o primeiro papel protagonista do malogrado actor Xosé Manuel Olveira «Pico». A película non se estreará, secasí, ata catro anos despois no Centro Cultural Cidade de Vigo. Pasa un tempo máis e chega entón un ano tan fundamental para Chano coma para George Orwell, pois a *chef d'oeuvre* do director de Forcarei rodarase e estrearse no ano para o que o escritor británico previra aquel futuro apocalíptico na súa propia obra mestra. En contraposición a ese agoiro nefasto, o día dos inocentes de 1984 estréase no Centro Cultural Caixavigo a curtametraxe máis senlleira do noso nacente cinema.

A estrea de *Mamasunción* representa a Epifanía do cine galego actual, pois será tal a repercusión que acade en tantos festivais internacionais que por forza temos que falar dun antes e un despois no devir do noso audiovisual. Resulta galardoada co Gran Premio do Cine Español e Trofeo de Cooperación Iberoamericano no XXVI Festival Internacional de Bilbao; co Premio da Federación Internacional de Cineclubes en Cracovia (Polonia); co Premio da Federación Internacional de Críticos en Oberhausen (Alemaña); co Gran Premio de curtametraxes no Festival de Figueira da Foz (Portugal) e co Gran Premio do Festival de Tetuán (Marrocos); álzase como a segunda película máis votada polo público no Festival de Sydney (Australia) e é seleccionada tamén para participar nos festivais de Gante (Bélxica); Uppsala (Suecia); Toldheim (Noruega); Moscova (URSS); Melbourne (Australia); Newcastle (Inglaterra); Clermont Ferrand (Francia) e Buenos Aires (A Arxentina), todo no decorrer do ano 1985. Grazas a *Mamasunción*, a nosa imaxe e a nosa lingua son vistas e escoitadas nun só ano en catro continentes e en catorce cidades que portan o estandarte do amor ó cine e á cultura nas súas



Preparándose para rodar no cemiterio de Santoalla.

entrañas e, o que aínda a fai máis relevante, esas sensibilidades urbanitas mostran rendida admiración por unha cultura rural expresada con amor e minuciosidade de antropólogo da man dun Chano Piñeiro en plena eferescencia creativa.

Os numerosos premios e recoñecementos obtidos en tantos lugares, que noutro poderían xerar certa dose de vaidade e a cómoda tentación de dar o barco ó vento, non menoscaban a capacidade de traballo e de ilusión de Chano, que se pon de inmediato a navegar noutro

proxecto. No ano 1986, por encargo do concello de Vigo, comeza a rodaxe de *Esperanza*, un filme desacougante que relatará os avatares dunha vida demasiado enchoupada de realismo –hiperrealista por contraposición ó surrealismo de *Eu, o tolo*–. Por unha parte aséntase no feísmo intencionado e suburbial de películas coma *¿Qué he hecho yo para merecer esto?*, de Almodóvar, sen o ton kafkiano e mordaz do manchego, e pola outra anticipa o clima de amargor de *Los lunes al sol* de Fernando León de Aranoa, que se rodará tamén en Vigo dezaseis anos despois. Se *Mamasunción*, primeiro, e *Sempre Xonxa*, despois, baten na conciencia coa forte traxedia da emigración, en *Esperanza* convivimos coa abafante traxedia dunha realidade cotiá marcada pola adicción ó alcohol e a súa repercusión no ámbito familiar. Será a segunda ocasión na que Xosé Manuel Olveira «Pico» protagonice un filme de Chano. Representará a España no Premio de Curtametraxes da Comunidade Económica Europea.

Xa antes de iniciar a rodaxe de *Esperanza*, Chano comezara a serie de guións que rematarán na primeira longametraxe do cine galego. Ata nove ensaios escribirá antes de perfilar o definitivo. A rodaxe de *Sempre Xonxa* será unha odisea, pois a falta de apoio institucional por parte dos organismos de cine españois –malia ter acadado as mellores cualificacións mercé ós seus anteriores proxectos para a obtención de achegas– fan que se teña que adiar en máis de unha ocasión. A historia é sinxela, a crónica dunha amizade traizoada, baseada tamén nunha historia real que Chano coñecera da man dos veciños de Rubillón e Baíste. Porén, a concepción e planificación da película complica ata extremos angustiosos a rodaxe, ata o punto de se ver obrigado a hipotecar a súa casa para facer fronte ó financiamento, algo que antes xa se tiña visto na historia do cine da man de, polo menos, dous consagrados directores: John Cassavettes, que tivo que hipotecar a súa para poder rodar *Unha muller baixo a influencia*, e Francis Ford Coppola, que houbo de facer o mesmo para conseguir rematar a controvertida e grandiosa *Apocalypse Now*. Unha das complicacións da rodaxe de *Sempre Xonxa* orixinouse na vontade de Chano de segmentar a historia en catro partes, correspondendo a cada unha unha estación do ano: así, a infancia dos protagonistas correspóndese coa primavera; o verán dálle pé á mocidade; o outono narra a madurez e o inverno reflicte a xeira da vellez. Como bo cinéfilo, Chano inspirábase no propósito que dúas décadas antes concibira Bernardo Bertolucci para o partillamento do seu suntuoso *Novecento*, filme no que tamén se proxectaba o argumento sobre as catro estacións: o verán para a infancia dos dous protagonistas: Olmo Dalcó e Alfredo Berlinghieri; o outono para o seu reencontro; o inverno para a toma de poder fascista e a primavera para o final da Segunda Guerra Mundial. A imposibilidade de facelo todo no mesmo ano complicou, xunto coa citada falta de financiamento, a planificación, a rodaxe e a postproducción de *Sempre Xonxa*. Finalmente, en parte grazas ás achegas da Consellería de Cultura, da organización do V Centenario do Descubrimento e da Deputación de Pontevedra e en parte a un micromecenado de particulares que cren na obra de Chano, o filme verá a luz no ano 1989, no marco das xornadas de Cinegalicia, unha aposta por pór o cine galego a altura que xa vai



Dando instrucións ó actor Roberto Casteleiro (*Caladiño*).

merecendo e no que comparte cartel con outras dúas longametraxes: *Urxas*, de Carlos L. Piñeiro e Alfredo García Pinal, e *Continental*, de Xavier Villaverde. Resulta escollida para a súa exhibición nos festivais de Chicago, Portland, Montreal, Sydney, Melbourne, III Encontros Cinematográficos de Cannes e no Festival de La Habana, cidade esta última onde Chano e Mariluz traban amizade cos escritores Xosé Neira Vilas e Anisia Miranda –un dos proxectos que Chano deixaría sen facer sería o da translación á pantalla da obra *Memorias dun neno labrego*, do insigne cruceño—. Se algo achega a película ó público é a verosimilitude do mundo que nela se narra, a emoción e a sinxeleza con que cada secuencia busca a explicación desa realidade diferente, desa terra propia e cobizada que loita coma unha illa por existir no inmenso mar da monótona e uniforme globalización. E non recorre á fantasía para menosprezar esa realidade, senón para arriquecela, para lle conferir os matices con que soñala.

Sen tempo para descansar, a Consellería de Cultura encárgalle a promoción do Xacobeo 93 a través dunha mediometraje. O director

decidirá darlle a *O camiño das estrelas* –ese será o seu título– o formato axustado entre ficción e realidade para entretecer as historias dun lobishome representando as terras labregas da montaña e dunha serea representando a Galicia mariñeira. Eses dous personaxes ocorréronselle precisamente nunha visita a Forcarei:

Asaltáronme cando ía no coche facer unha das miñas esporádicas visitas a Forcarei. Xa se sabe que tódolos asasinados volven ó lugar do crime e eu, cada certo tempo, sinto a necesidade de volver á miña primeira aldea. Sei exactamente o lugar onde descubrín que a base da película ía ser unha historia de amor entre unha serea e un home lobo. Entón parei o coche, baixei a xanela e deixei que os personaxes repousaran mentres que cos meus ollos percorría e penetraba os volumes que debuxaba na paisaxe a luz quente do solpor.



Rodaxe no porto de Vigo.

Chano chamaríame neses días para que colaborase con el e co equipo na localización das tomas que ía facer da Terra de Montes. Lembro que me comentaría a idea que tiña para os protagonistas –a serea e o lobishome, a quen quería bautizar co nome de Valente– nun xantar que tivemos en Cerdedo cando nos puxemos á procura desas localizacións para rodar as escenas do falcón peregrino na ponte de San Antón de Cerdedo –co cameo de Roberto Casteleiro e Uxía Blanco– e as da Rapa das Bestas –fóra de temporada–, en Sabucedo. Pareceume, e ségueme a parecer, unha magnífica idea, porque tamén a min me cativara, igual que a Chano, a fermosa película de Pedro Olea que adaptaba a historia real do lobishome de Santa Baia de Esgos –Manuel Blanco Romasanta–, á súa vez inspiradora da novela

*El Bosque de Ancines*, de Carlos Martínez-Barbeito, na que se baseou finalmente Pedro Olea.

Á película, *El Bosque del Lobo*, faille, dende a medimetraxe, unha pequena homenaxe na escena en que *Goebbels*, o antagonista da parella, utiliza a gaiola para levar presos a serea e mais o lobo, rememorando a escena na que prenden e engaiolan un lobishome ante a mirada de Benito Freire, o protagonista, sendo aínda un neno, algo que o marcará para sempre. Tenta compoñer nela un fresco ategado con todas as imaxes posibles de Galicia, ou, por mellor dicir, con todas as Galicias posibles. Logra facer algo narrativamente moi aproximado de novo ó cine total, é dicir, ó cine que se expresa sen precisar palabras, sen diálogos. En media hora móstranos a súa idea de país: dende os percebeiros do Roncudo ata as canteiras do Porriño; dende os desfiles de moda galega ata os peregrinos que se ven reflectidos simbolicamente no falcón que percorre Galicia dende o aire; dende os peliqueiros dos entroidos de Verín, Xinzo e Laza ata a Escola de Canteiros de Poio; dende as conserveiras ata as palilleiras de Camariñas. O resultado, con non facer da película a mellor das obras de Chano, afástase da estereotipada imaxe da Galicia que sempre se tentaba vender ó exterior. Foi estreada en xullo de 1993 no auditorio do Monte do Gozo de Santiago de Compostela e exhibida a seguir nos festivais de Figueira da Foz, Chicago, Portland e Lorient.

O *Camiño das estrelas* sería a derradeira película filmada por Chano. Dezaoto meses despois da súa estrea falecería no Hospital Xeral de Vigo dun edema pulmonar. No pasado marzo cumpriuse, xa que logo, o seu vixésimo quinto cabodano. Coido que Galicia debería lembrar máis ca nunca a quen tanto teimou para que o cine galego e en galego estivese á altura que lle corresponde a unha cultura milenaria ameazada hoxe por unha globalización mal entendida que pretende uniformalo todo en lugar de lle dar prelación ó que a propia cultura ten de plural. Meréceo, como xa dixeran no inicio desta colaboración, por pór a pedra fundacional no edificio dos nosos soños, por ser quen de facernos soñar. Mercé ó seu labor o cine galego atópase hoxe onde se atopa, cunha profesionalidade que para si quixera o propio Chano ó seu redor cando isto era un ermo no que



Descanso na rodaxe de *Sempre Xonxa*.

malamente se podía botar man de axuda técnica e artística á hora de desenvolver todo o traballo que precisa un director para levar a bo termo unha película. El sementou nese ermo, regou e porfiou para que algo frutificase. E foi moito o que frutificou. Paréceme razoable e axustado pensar que, na película do audiovisual galego, el foi quen rodou os primeiros fotogramas.

A miña contribución á súa memoria é esta biografía acabada de nacer e na que non plasmoo unicamente o meu punto de vista e os meus sentimentos sobre a vida e a obra de Chano, senón que os acompaño doutras impresións e reflexións de múltiples persoas próximas ó director, entresacadas do libro titulado *Os amigos de Chano Piñeiro*, coordinado en 2007 polo incansable escritor e crítico de cine ourensán Miguel Anxo Fernández –autor tamén do prólogo da nosa biografía–. Cito dez delas para que se vexa o que significa a lembranza do director de Forcarei en todos aqueles que o trataron en vida:





Chano detrás da cámara.

Pancho Casal, produtor de *Continental* e un dos máis salientables axentes do noso audiovisual, *alma mater* de filmes coma *Finisterre*, *Trece Badaladas* ou *Los lunes al sol*, destacou que

Todos os que hoxe fan cine en Galicia levan algo de Chano dentro. No meu caso particular foi moi importante para que me decidise a poñer todo o meu esforzo en axudar a crear unha industria propia en Galicia.

### Segundo Anxo Santomil

Chano cría que unha cultura sen cine era unha cultura morta e, en consecuencia, a creación dun cine de esencia galega era unha cuestión «nacional».

Joseba Lopezortega, artista e editor vasco, declaraba, tras a ro-daxe de *Mamasunción*:



Loles León e Roberto Casteleiro nunha escena de *Sempre Xonxa*.

Descubrimos que no seu corpo feble cabían todas as árbores e regatos e pedras daquela perdida aldea, e que Chano amaba a cada un dos seus veciños e que só os viamos pola súa propia mirada.

O seu axudante de dirección en *Mamasunción*, Julián Núñez, dixo:

Nunca despois de *Mamasunción* tiven unha experiencia humana tan impresionante coma a desa curtametraxe.

O actual presidente da Real Academia Galega, Víctor Freixanes, sinalou:

Cando en setembro do ano 2000 me propuxeron dar un curso de Literatura e Cultura Galegas para os alumnos de terceiro ciclo na Universidade de Nova York, levei canda min *Sempre Xonxa*, a película de Chano. Pareceume que se lles tiña que explicar a estudantes doutros ámbitos culturais a realidade social de Galicia, da Galicia tradicional, narrada dende unha ollada antropolóxica e representativa, á par que emocionante, o filme de Chano podía funcionar [...] Tivemos que improvisar tres proxeccións fóra de programa. Interesou e sorprendeu.



Chano e Rochi na derradeira visita do director a Forcarei.

O crítico de arte Antón Castro manifestou:

Coido que o seu *Camiño das Estrelas* era a vontade de intuír un realismo máxico que definira Galicia como razón mítica e como realidade social.

Méndez Ferrín escribiu:

A mensaxe de realismo cifrada por Chano Piñeiro vai directa ao noso corazón e ao corazón colectivo da nación galega. Chano Piñeiro, o seu cine, é verdade. E, como dicía Pimentel, a poesía é a gran verdade do mundo.

Pepe Coira dixo:

Por que conseguiu ese lugar privilexiado no noso imaxinario colectivo cando pensamos no cine galego? É probable achar unha resposta repasando as súas películas. En todas, como unha marca de fábrica, a cámara hai un momento no que bota a voar. E Chano con ela. Facía cine para poder voar.

Xosé Luís Barreiro revelou:

Eu fun testemuña e caxato daquela conversión fulgurante, intelectualizada, fonda e creadora. E vin tamén o espertar dun xenio que acertou á primeira e soubo poñer en imaxes os contrastes emerxentes que xa agromaban na veciñanza que

Ile ensinou a lingua, os universos éticos que se agochan no seu argumentario e a ollada certa e aguda que penetra nas realidades coa aparencia dun seixo.

E, por fin, o escritor Miguel Suárez Abel expuxo:

Chano era un soñador cargado de esperanza e estaba alí para defender que se non hai soño non hai cine e se non hai cine non hai pobo.

A Chano Piñeiro  
*Semper tu in corde nostro.*





# Os catálogos de fundición artística. O caso de Alemparte na Estrada

Carmela Sánchez Arines

melarins@gmail.com

Fotografías: Marga Fraga

**Resumo.** En Europa, a existencia de catálogos de arte nas fundicións de ferro e bronce vai parella ao do nacemento das propias factorías. Porén, no territorio galego, malia a tradición fabril que houbo, non se coñecen moitos exemplos. Un deles é o da Fundición Alemparte, unha das máis importantes da provincia de Pontevedra entre finais do XIX e mediados do XX. Situada no Carril, concello independente ata 1913, o seu traballo espallouse por boa parte da península. Na Estrada, podemos ver a súa pegada na arquitectura, principalmente en balcóns, varandas e baixantes.

**Abstract.** In Europe art catalogues in iron and bronze foundries go hand in hand with the factories themselves. However, in Galicia, in spite of the manufacturing tradition, there is no many examples. One of them is the Alemparte Foundry, one of the most important factories in Pontevedra between the late 19th and the mid-20th century. It was located in Carril, an independent city council until 1913, and its work spread throughout much of the peninsula. In A Estrada, we can see its architectural influence, mainly on balconies, banisters and downpipes.

## Introdución

Na pasada edición da revista *A Estrada Miscelánea Histórica e Cultural* (núm. 22, 2019) dediqueille un artigo ao mestre de obras Avelino Camba Mato (1895-1979). Estudando a documentación que conserva a súa familia, localicei varias follas do catálogo da Fundición Alemparte coa que adoitaba traballar. Un material inédito que permite facer un seguimento dos traballos de fundición artística na vila estradense a través de exemplos físicos.

Malia a coincidencia dalgúns dos modelos, hai que ter en conta que estes non eran exclusivos desa factoría do Carril, senón que se fundían en moitas outras fábricas, como na viguesa de Sanjurjo Badía ou na pontevedresa de José Pazó. Por iso, só a existencia de fontes históricas, ben sexa escritas, gráficas, materiais ou orais, permitirían verificar ao 100% a súa autoría.

## Os catálogos de fundición artística



Vistas da fundición Val d'Osne. <http://museologeandoenlweb.blogspot.com/>

En 1830 instalouse no departamento francés do Alto Marne a fundición Val d'Osne<sup>1</sup>, considerada unha das máis importantes de Europa do século XIX e de boa parte do XX. A produción en serie de obxectos de ferro trouxo consigo a existencia de catálogos ilustrados para comercializar os produtos. Os mostrarios parisienses convertéronse en grandes referentes a nivel mundial, chegando ás nosas terras. Unha evidencia témola na cidade de Pontevedra, onde en 1887 mercaron nesa metalurxia francesa unha fonte de catro canos. Unha vez chegada ás nosas terras, e co

obxectivo de abaratar custes, fundiron varias réplicas<sup>2</sup> nos talleres vigueses de Sanjurjo Badía.

Xunto cos catálogos da fundición Val d'Osne e os de Durenne<sup>3</sup>, amplamente coñecidos no sector, foi habitual a publicidade en prensa e en revistas especializadas como *El Monitor*, *Revista del Cerrajero Moderno* ou *El Cerrajero Moderno*, de José Abeilhé; así como a participación en exposicións de mostras.

Os anuncios exerceron unha grande influencia nas fundicións galegas en dous sentidos. Por un banda, na copia de modelos franceses e cataláns e, por outra, na realización dos seus propios catálogos ilustrados, principalmente da parte de fundición artística.

- 1 Os primeiros traballos da Fundición Val d'Osne, fundada polo enxeñeiro Jean-Pierre-Victor André (1790-1851), datan de 1836. Despois de 1855 apareceron asinados como Barbezat & C. Val d'Osne, por pasar a mans de Gustave Barbezat. Finalmente, foron coñecidos como *Fonderies d'Art du val d'Osne*.
- 2 Catro delas aínda se poden ver nas prazas do casco antigo de Pontevedra.
- 3 Antoine Durenne (1822-1895) foi un empresario francés, membro fundador da Escola Nacional de Artes Decorativas, propietario de varias fundicións de arte.



Portadas e follas de diversos catálogos e revistas.



**FUNDICION DE HIERRO COLADO DE LAS REALES FABRICAS DE SARGADELOS. (Galicia).**

*Potes comunes en Galicia y otras Provincias.*

Números.	4	5	6	7 1/2	10	12	15	18	24	30	36	40	44	Potes de la Carrada reales.
Capacidad en Cuartillos cast.	33	60	44	53	23	50	17	14	11	9	7	5	2 1/2	
Sellos.	35 1/2	3	2 1/2	2	1 1/2	1 1/4	1	3/8	3/8	1/2	5/8	3/8	15/16	

*Los Potes se venden por Carrada. La Carrada comprende tantos pots como unidades el número á que pertenece.  
La Carrada tiene por fórmula 15 sellos.*

Folla de pots do catálogo de Sargadelos. Museo de Lugo.

**FUNDICION DE HIERRO COLADO DE LAS REALES FABRICAS DE SARGADELOS. (Galicia).**

*Balcones.*

**Balaustras.**

3 pies 3 pulgadas

Nota: Se hacen de todas dimensiones segun las diceses que se pueden recibir.  
Haciendo un nuevo modelo en su lugar, al que le pide.

**Precios.**

Balcon	N.º 1 montado con costales y pasamanos	130 Rs. quintal
2.º	2.º	125 Rs. 4.º
3.º	3.º	130 Rs. 4.º
Balaustras	Modelo terminado como el adjunto.	35 Rs. 4.º
2.º	4.º gravado e adornado.	110 á 150 Rs.

*segun el peso y dificultad del modelo*

N.º 3

2 pies y 11 pulgadas

Nota: El peso de longitud para aproximadamente 100 libras condicione á mas ó á menos.

Folla de balcóns de Sargadelos. Museo de Lugo.

En Galicia, o catálogo máis antigo do que hai constancia é o da Fundición Sargadelos<sup>4</sup>, conservado no Museo Provincial de Lugo. Está composto de varias páxinas con diferentes tipos de potes, caldeiros, cazarolas, tixolas, comedeiros, cocifñas, caloríferos, parauqueiros, pranchas, roldanas, balcóns, balaústres, bombas e tubaxes. Do resto de metalurxias, ata a data, só hai publicadas dúas follas da Fundición Malingre de Ourense<sup>5</sup>. Por iso, a continuación presento os documentos de Alemparte que chegaron ás miñas mans.

## A fundición Alemparte

A Fundición Alemparte do Carril recibe o nome do seu creador, Antonio Alemparte Fernández<sup>6</sup>. Natural do concello lugués de Cervo, Antonio chegou á ría arousá cos seus proxenitores a principios da década dos anos 60 do século XIX, despois do peche de Sargadelos onde traballaba o pai. Por aquel entón, a pequena vila mariñeira da desembocadura do río Ulla comezaba a coller pulo debido ao seu porto, e Antonio empregouse na fábrica de fundición que alí se establecera en 1848.

En 1862 casou con Esclavitud Vieites Castromán, mercando ao pouco tempo un soar na rúa Aduana para construír unha casa. Marchou logo traballar fóra do Carril, probablemente a Vigo e a Pontevedra. Nesta última cidade é posible que tivera un negocio propio ata 1875. Deste ano data un anuncio publicado no diario de noticias *El Porvenir*<sup>7</sup> no que se informa do seguinte:

AL PÚBLICO. Antonio Alemparte, dueño de la fundición de hierro establecida en esta capital, tiene el honor de participar á sus favorecedores que apesar de trasladar su establecimiento á Carril, servirá todos los trabajos que se le encarguen con la misma exactitud que antes. Se reciben encargos en el comercio de D. Manuel Viaño.

- 4 As industrias de fundición Sargadelos (Cervo) foron creadas por Antonio Raimundo Ibañez (1749-1809), e funcionaron entre 1794 e 1875.
- 5 En González Pérez, Clodio: «*As varandas de ferro dos corredores e balcóns do Ribeiro*». Deputación de Ourense, 2008.
- 6 Antonio Gregorio Alemparte Fernández naceu na parroquia de San Román de Vilaestrofe o 9 de setembro de 1842. Era fillo de Antonia Fernández Calaza e Agustín Alemparte Pita da Veiga. [En Vázquez Vaamonde, María del Carmen, p. 487].
- 7 *El Porvenir. Diario de Noticias e Intereses Generales* foi un xornal editado en Pontevedra entre o 2 de febreiro e o 28 de setembro de 1875.

Por outra banda, nunha reportaxe<sup>8</sup> publicada en 1924 no xornal *La Voz de Galicia* sobre as festas de Vilagarcía, remontan a fundación do negocio a 60 anos antes, polo que puido estar establecido en Pontevedra desde 1864. En 1875 trasladaríase ao Carril, onde acaba de adquirir un terreo dedicado a campo<sup>9</sup> no barrio de Santo André no que acabou edificando a fábrica.

Como sinalamos ao comezo, no Carril existía outra fundición, herdeira da antiga fábrica de Sargadelos, na que traballara Antonio de mozo. Porén, o feito de haber dúas instalacións fabrís coa mesma dedicación non impediu o gran desenvolvemento que tivo a de Alemparte ata mediados do século XX. Aínda así, nos inicios houbo algunha relación tensa entre ambas as empresas, tal e como se pode deducir de dous anuncios publicados no xornal *Gaceta de Galicia. Diario de Santiago*. No primeiro, aparecido o 29 de xullo de 1881, Antonio Alemparte expón o seguinte:

ACLARACIÓN AL COMERCIO. Sr. Director de la GACETA DE GALICIA. Carril 28 de Julio de 1881. Muy Sr. Mio: En la plaza de Cervantes de esa ciudad<sup>10</sup> he visto un depósito de objetos de hierro fundido bajo el nombre de «Sucursal de la Fábrica de fundición de Carril. Como en este puerto hay además de la Fábrica de mi propiedad otra cuyos dueños desconozco y como en el rótulo de dicha Sucursal no dice de cual sea, cumple á mi deber para conocimiento del Comercio y del público en general manifestar que ese depósito no pertenece á mi Fábrica; ignorando si es de la otra. Soy a V. Affmo. S. S. q. b. s. m. ANTONIO ALEMPARTE.

Aos dous días, aparece a seguinte contestación:

ACLARACIÓN AL COMERCIO. Sr. Director de la GACETA DE GALICIA. Muy Sr. Nuestro: Damos las gracias al Señor Alemparte por la aclaración que aparece en el número 735 de su apreciable periódico, salvando con ella la omisión en que involuntariamente habíamos incurrido. Efectivamente, la sucursal establecida en la Plaza de Cervantes, no lo es de la «NUEVA fábrica de fundición por D. Antonio Alemparte» recientemente establecida, sino de la FÁBRICA DE FUNDICIÓN DE CARRIL, establecida en el año 1848, que debe conocer bien el Señor Alemparte por haber aprendido prácticamente en ella la profesión á que hoy se dedica: y por lo que pueda importar rogamos á nuestra numerosa clientela se fije en esta aclaracion para no incurrir en errores de direccion. Somos de V. affmo. S. S. q. b. s. m. propietarios de la fábrica de fundición de Carril. PP. J. C. Zurbano. Carril 30 de Julio de 1881.

8 *La Voz de Galicia*, 15 de agosto de 1924.

9 En Vázquez Vaamonde, María del Carmen, p. 488.

10 Refírese a Santiago de Compostela.



Anuncio publicado en *La Opinión. Periódico de intereses generales, noticias y anuncios* de Pontevedra o 26 de xullo de 1884.

A pesar deste malentendido, existiron tamén vínculos empresariais. En 1885, Antonio Alemparte asinou un convenio de cooperación co director da outra fundición, un enxeñeiro mecánico de orixe inglesa coñecido como Mr. Halpin. No pacto establecían as condicións para a venda de potes, potas e filloeiras coa marca *Potes Carril*, independentemente de quen os producira<sup>11</sup>. Dito acordo renovouse aos tres anos.

A fundición contaba nesta época cun cento de operarios no cadro de persoal<sup>12</sup>, mellorando as instalacións coa adquisición de novas máquinas en Barcelona e dotándoa de alumeado eléctrico. Así mesmo, xa aparece recollida no *Anuario del comercio, de la industria, de la magistratura y de la administración*<sup>13</sup>. E así a describía<sup>14</sup> o médico e escritor noiés Lisardo Barreiro, afincado en Vilagarcía, nunha reportaxe sobre a vila e o porto carrileño:

Una de las fábricas que he visitado es la del señor Alemparte; está situada en uno de los lados de la carretera que hay entre la estación y Carril.


En dicha fábrica que se sostiene á la altura de las mejores de Bilbao, se hacen trabajos de fundicion y mecánicos, en bronce y hierro, capaces de competir con las mejores obras, de esta clase, que se ejecutan en el extranjero. Hé visto una máquina de vapor que tiene una fuerza de seis caballos, perfectamente re-

11 En Vázquez Vaamonde, María del Carmen, p. 474.

12 En *Crónica de Pontevedra. Diario político*, ano 1, nº 193 de 22 de decembro de 1886.

13 Bailly-Bailliere, 1886, núm. 41. En 1911, é a única fundición do Carril que se recolle no Anuario Riera.

14 *La Voz de Galicia*, 15 de abril de 1885.



Imaxes da sección de máquinas publicadas o 3/9/1908 nunha reportaxe en *La Actualidad* de Barcelona. BNE.

matada y, cuya caldera es de bruñido acero: dicha máquina será para mover un vaporcito de recreo que durante el verano estará mediante módica retribución al servicio de la colonia veraniega que por aquí siente sus reales. De la misma fábrica se están embarcando actualmente para Pontevedra, mil tubos de hierro, cada uno de los cuales tiene más de dos metros de largo, y que han de servir para la cañería que en dicha capital se está colocando para la traída y distribución de aguas.

Como moitos outros empresarios<sup>15</sup>, Antonio Alemparte foi un innovador, construíndo unha lancha de vapor, tal e como extraemos da nova anterior. E tamén chegou a ter un papel moi activo na vida

15 Antonio Sanjurjo Badía, casado na Mota (Riobó) en 1875 con Concepción Otero García, inventou a finais do século XIX unha «boia submarina» para defender Vigo de posibles ataques de frota estadounidense en plena Guerra de Cuba. Hoxe consérvase en Vigo, no Museo do Mar de Galicia. Tamén José Pazó, da Fundación Pazó de Pontevedra, fabricou o seu propio velocípedo cando traballado como empregado de Sanjurjo, ás agachadas do seu xefe; e o seu fillo Diego Pazó Montes patentou varios deseños entre os que destaca unha batea para a cría de moluscos.

do Carril, sendo elixido en 1886 contador da recentemente creada Cámara de Comercio, ademais de tenente de alcalde do concello. Porén, a morte sorprendeuno aos 48 anos, falecendo ás sete da mañá do 18 de novembro de 1890.

Tralo seu falecemento, a fábrica pasou a estar dirixida polo seu cuñado Ramón Vieites Castromán. Pouco despois, en 1899, a viúva de Antonio, Esclavitud, retiroulle o poder ao seu irmán, quedando separado das funcións que exercía e deixando a xestión en mans do seu fillo José. No caso de ausencia, outro dos seus descendentes, Camilo, sería o encargado.

Na última década do século XIX traballou na fundición o enxeñeiro británico William Halpin, que anos antes estivera de encargado na factoría da competencia. Así se recolle a súa chegada nunha nova do ano 1894<sup>16</sup>:

Para dar mayor impulso a la industria á que se dedica este establecimiento fabril, acaba de llegar al mismo el competente ingeniero mecánico Geo. W. Halpin, tan conocido de la numerosa clientela de aquél por su pericia.

Este feito sinala a importancia que seguía adquirindo a factoría de Alemparte, así como a inestabilidade da outra fábrica, coñecida desde 1894 como *San Jaime*<sup>17</sup>, con continuos cambios na dirección desde os seus inicios. Por iso, en 1900, José Alemparte arrendoulles as instalacións. Un alugamento que se renovou aos dous anos e que rematou en 1907 coa compra por parte de Esclavitud Vieites. Deste xeito, Esclavitud converteuse na propietaria das dúas fundicións do Carril.



Anuncio da Fundición San Jaime en época de Forrest e Sewell. *El Regional. Diario de Lugo*, 8/8/1886

16 *La Voz de Galicia*, 8 de maio de 1894.

17 Nesta época atopábase á fronte o enxeñeiro William Livesey, sendo xefe de talleres Baldomero Corral. En *El Diario de Galicia. Periódico Católico e Independiente*, ano IV, núm. 1033 de 6 de outubro de 1894.



Vista dunha parte dos «grandes» talleres en 1908. *La Actualidad* de Barcelona, 3-9-1908. BNE.

Falecido José, o seu irmán Camilo quedou como xerente da empresa, chegando a ter a máis de 150 traballadores. Tamén comezou a diversificar o negocio, pois ademais da fundición e do taller mecánico, en 1911 tiñan unha casa de baños e en 1919 solicitou autorización para establecer un estaleiro con carácter temporal.

A finais dos anos 20, os fillos e fillas de Antonio Alemparte e Esclavitud Vieites repartiron a herdanza, correspondéndolle a Camilo a antiga fundición San Jaime e ao resto de irmás e irmáns a fábrica



Taller de axuste en 1909. *Vida Gallega*, setembro de 1909.

primixenia do barrio de Santo André<sup>18</sup>. Nos anos 40 e 50, alugouse a outros empresarios, figurando entre eles Caeiro, de Santiago, tomando de novo as redas ata 1960 Antonia Alemparte, ano no que se produciu o peche definitivo.

## Produción e traballos

Como talleres de fundición e construcións mecánicas, produciron múltiples pezas e aparellos de ferro e de bronce. No campo podían verse arados, debulladoras, prensas e lagares para o viño, rodicios e muíños fariñeiros ou mesmo bombas hidráulicas co seu selo; nas industrias, caldeiras de vapor; nas aldeas, nas vilas ou nas cidades tapas de rexistro, canalizacións, xardineiras, bancos, mesas e fontes; algunha bitas aínda sobreviven hoxe en portos como o do Carril; e en moitos cemiterios destacan as portas dos panteóns e as cruces e os enreixados das sepulturas.

Pero a fundición Alemparte tamén entrou en moitas casas con estufas, cociñas económicas, filloeirás, caldeiros, potas e potes. O uso destes últimos xeneralizouse na nosa terra de tal xeito co paso dos anos que se converteron nun recipiente básico nas lareiras, ata o punto de levar o sobrenome de pote «galego».

En Galicia, os primeiros potes de ferro colado fabricáronse na Real Fábrica de Sargadelos. No permiso que solicitou o seu promotor, Antonio Raimundo Ibáñez, para instalar a fundición en Cervo, falaba dunha «fábrica de ollas de hierro llamadas vulgarmente potes a imitación de las que se traen de Burdeos». Tralo seu peche, o resto de fábricas que naceron foron tomando o relevo. Ata o punto de

**Talleres de Fundición y Construcciones mecánicas**  
(LOS MÁS ANTIGUOS DE GALICIA)  
**A. ALEMPARTE**  
CARRIL  
Director gerente: CAMILO ALEMPARTE (hijo)

Armaduras. Cubiertas. Columnas. Balastradas. Bombas. Calderería en general. Escaleras rectas y espirales. Cocinas tipo Bilbao. Idem tipo Francia. Termostatos. Degranadoras de maíz. Prensas para uva. Tritadoras de manzana. Galerías. Kioskos.	Aparatos de alerra. Balcones. Verjas fundidas y forjadas. Puertas. Turbinas. Muestras. Tuberías. Llaves de paso. Bocas de riego. Jarrones. Jardineras. Esparrados. Transmisiones. - Poleas. Depósitos para agua. Ruedas dentadas.	Molinos harineros completos por engranajes y poleas. Ruedas hidráulicas. Rodamos diversos sistemas. Instalaciones hidroeléctricas. Ruedas para carrillos. Guarda caños para bajadas de aguas. Planchos de rejilla y lisas «hogar». Pies para banco de jardín. Rompeños para bancos públicos. Cojinetes de engrane automático ordinario.
--	---	--

—y todo lo concerniente al ramo de fundición en hierro, bronce y otros metales—  
**SOLDADURA AUTÓGENA Y ELÉCTRICA**  
Especialidad con «marcas registradas» de marmitas, potes y potas y cocinas económicas tipo moderno de reciente construcción.  
PROYECTOS Y PRESUPUESTOS GRATIS  
**Para encargos: Bar Café Argentino de M. Nonche**  
EN BREVE SUCURSAL EN SANTIAGO.

Anuncio publicado en *El Compostelano* o 9/4/1927.

18 As paredes desta construción aínda se conservan en pé a carón do paseo marítimo do Carril.





Exemplos de baixantes fundidas no Carril.

asinar pactos entre elas para non competir, como xa explicamos con anterioridade en relación co selo *Potes de Carril*.

A produción de Alemparte tamén se levou á arquitectura, tanto en elementos estruturais (quioscos, vigas, columnas...); funcionais, que son os que veremos no catálogo; como decorativos (xarróns, lámpadas, plafóns...).

Por último, queremos facer unha mención especial ás baixantes<sup>19</sup>, pois moitas das que se ven na Estrada son desta factoría, conservando o selo A. A. CARRIL OU ALEMPARTE CARRIL. Presentan unha sinxela decoración a base de motivos xeométricos ou vexetais, algúns deles dispostos en espiral.

Entre algunhas das obras coñecidas que realizaron atopamos a da tubaxe do depósito de auga de Pontevedra, proxectado en 1886 por Alejandro Rodríguez-Sesmero<sup>20</sup>; o quiosco da alameda de Santiago de Compostela, construído en 1896; unha galería para a finca do

19 Condutos verticais que cobren as tubaxes polas que baixan as augas pluviais dos tellados.

20 Este depósito de auga, situado a carón do cemiterio pontevedrés de San Amaro, é un dos máis antigos de Galicia aínda en funcionamento.

**Real Fabrica de Fundición de Hierro y Bronce**

**TALLERES DE CONSTRUCCIÓN Y REPARACIÓN DE MAQUINARIAS,**

*Premiada en varias Exposiciones con medalla  
de oro y plata y mención honorífica*

**Antonio Alemparte.---Carril**

**DIRECTOR: J. Alemparte**

Potes, potas, calderos, filloeras, cocinas económicas, estufas, bombas de  
varios sistemas, jarrones, jardineras, pies de banco de varias formas, balcones,  
verjas de hierro dulce y fundido, columnas, galerías, kioscos, maquinarias,  
molinos harineros, tuberías para conducción de aguas, máquinas y calderas  
de vapor, depósitos para agua, desgranaderos de maíz, prensas para uva, idem  
de cepiar y todo lo concerniente al ramo de fabricación en hierro colado, bron-  
ces y otros metales.  
Se facilitan planos y presupuestos de construcciones especiales. Esta casa  
también se encarga de toda clase de instalaciones para lo cual cuenta con per-  
sonas competentísimas.

**Representación de varias casas extranjeras**

Anuncio publicado en *El Combate. Semanario republicano* o 23/4/1899 no que se recollen algúns dos premios.

marqués de Riestra na Caeira (Poio); columnas que «llaman poderosamente la atención tanto por su mérito artístico como por su peso que es de 1500 kilos cada unha»<sup>21</sup> na Escola de Veterinaria de Compostela, actual biblioteca do Parlamento de Galicia; columnas da azucreira de Portas; os corredores de ferro e cristal que unen o edificio central cos pavillóns laterais do antigo colexio de *xordo-mudos* de Santiago, hoxe sede administrativa da Xunta de Galicia en San Caetano; ou o marco da lápida ao Batallón Literario na praza da Quintana.

Os traballos executados por Alemparte fixeron que a empresa fora premiada en 1885 coas medallas de ouro e prata na Exposición Rexional de Santiago; e coa de prata e unha mención honorífica na de Pontevedra; participando tamén na mostra rexional de Lugo de 1896.

21 En *Galicia: revista semanal ilustrada*. Ano IV, nº 44, p. 6 de 28 de outubro de 1905.


## O catálogo da fundición Alemparte

A documentación que chegou ás miñas mans da Fundición Alemparte está composta por follas soltas en papel cebola dun prego e de tamaño folio. Cada lámina, con anotacións manuscritas que indican o custe ou a dispoñibilidade, está encabezada polo título FUNDICIÓN DE HIERRO Y BRONCE DE ANTONIO ALEMPARTE - CARRIL e dedicada a unha tipoloxía, identificando os modelos cun número. A maiores, hai varios recortes en cartolina e *blueprints* dalgúns dos deseños.

### Antepeitos


Son varandas que fan a función de parapetos ou peitorís pechando a parte inferior dun van. Na folla que manexamos, os modelos están numerados do 20 ao 28, polo que deben existir, como mínimo, dúas follas anteriores. Distínguense modelos clásicos, con profusa decoración vexetal e de volutas, e eclecticismos, máis sinxelos.

Na Estrada é habitual ver os antepeitos en fiestras ou en portas de aire intercalados con balcóns, polo que moitos dos modelos atopámoslos tamén na sección de balcóns do catálogo.



## Balaústres e pilastras de escaleira

Os balaústres son cada unha das pequenas columnas que forman as varandas das escaleiras unidos por un pasamáns; mentres que as pilastras son os piares exentos que se colocan a carón do primeiro e do último chanzo.








Do catálogo, dúas follas están dedicadas a balaústres e unha terceira aparece dividida entre balaústres e pilastras. No que se refire aos primeiros, amósanse 27 modelos con vistas frontais e/ou laterais, moitos formados por unha soa vara. En canto ás pilastras, están numeradas do 1 ao 12, correspondéndose as do interior de edificios como o da Farola ou o de A Esquina coa pilastra número 5 do catálogo.



### Balcóns









Os balcóns son varandas que pechan as pequenas plataformas sobresaíntes cara a fóra dos ocos abertos nunha edificación. Na documentación que manexamos hai sete follas cun total de 53 modelos, dos que na Estrada identificamos varios, principalmente no casco urbano, en rúas como a Ulla e Calvo Sotelo.







FUNDICIÓN DE HIERRO Y BRONCE  
DE  
**ANTONIO ALEMPARTE**

← CARRIL →



BALCONES






Balcóns na praza da Feira.


Nos balcóns hai dúas tipoloxías: os rectos e os de *miriñaque*. Estes últimos toman o nome das saias avultadas que adoitaban vestirse no século XIX cunha armazón por debaixo. Os balcóns adoptan unha forma redondeada e realizábanse para que as mulleres non arrugaran as súas roupas, como no número 19 da praza da Farola ou no 6 da San Paio.

Entre os deseños, hai que diferenciar os que están formados por unha sucesión de barrotes de varias seccións ou de panos, algúns con bandas na parte superior e na inferior. No que se refire aos motivos decorativos, abundan os vexetais, as volutas, os arcos e os aneis, moitas veces en cadea ou entrelazados.


Sinalar tamén que algún dos modelos de balcóns atopámoslos como balaústres de escaleiras ou como antepeitos.



Balcóns en Fernando Conde, 25.



Balcóns na Porta do Sol, na rúa Ulla e na travesía da Feira.



Balcóns na Porta do Sol.



Balcón de miriñaque personalizado na praza da Farola. No centro dos círculos decorativos pódese ler: D. JOSE TRIGO 1876.



Fernando Conde, 9.




Balcón na rúa Calvo Sotelo, 45.




Rúa Calvo Sotelo, 48.




Fernando Conde, 31.




Calvo Sotelo, 4.



Fernando Conde, 27.




Calvo Sotelo, 30.



Balcón na rúa Marqués de la Vega de Armijo.



Portas de aire na praza da Farola.



## Columnas

Son elementos arquitectónicos verticais de sección circular que sosteñen unha estrutura. Adoitaban usarse en fachadas, en interiores como elementos sustentantes, en palcos, quioscos e en faroís.


Da documentación do arquivo de Avelino Camba recuperamos unha folla con cinco modelos numerados do 10 ao 14. Todas teñen fuste estriado e capiteis vexetais con volutas e follas, radicando a principalmente diferenza estilística nos baseamentos.

## Enreixados


Son elementos arquitectónicos empregados para o peche ou separación de diferentes recintos, xeralmente exteriores, tales como fincas, parques ou cemiterios. Do catálogo recuperamos unha folla con oito modelos.

## Galerías


A galería é un elemento non estrutural que se acaroa aos muros dun edificio e se abre ao exterior. Está composta por un peitoril na parte inferior, fiestras na central –xeralmente de guillotina– e unha banda decorativa de remate cun coroamento. A súa función é a de permitir o paso da luz e preservar a calor no interior. Tradicionalmente realizábanse con materiais liviáns como a madeira, incorporándose máis



tarde a fundición de ferro. Do catálogo de Alemparte temos dúas follas con catro modelos. Algúns deles pódense ver nos números 6, 8 e 10 da rúa Calvo Sotelo, así como na casa recentemente restaurada que fai esquina entre a rúa Don Nicolás e a de Vega de Armijo.







## Conclusión

O concello da Estrada atesoura un valioso catálogo ao aire libre de traballos de fundición artística. Un rico patrimonio espallado pola vila e polas aldeas que corre perigo de desaparecer. Así, moitos destes bens, principalmente os localizados en casas e edificios, estanse a perder debido á falta de conservación. As grandes cantidades de ferruxe que concentran levan, en moitos dos casos, á substitución por outros máis novos ou á perda por abandono. Inflúe tamén a especulación urbanística, desaparecendo cando se tira ou rehabilita unha vivenda. Un patrimonio material digno de ser conservado e que precisa dun inventario propio, poñendo en valor tanto á fundición Alemparte como outras que tamén deixaron o seu selo entre as que destacan Sanjurjo, Barreras, Pazó e La Turbina, de Marín.

Por outra banda, no que se refire ao casco urbano, sería precisa unha normativa que establecese tamaños, materiais e situacións de carteis publicitarios dos locais comerciais; así como regular a instalación de soportes ou cables, pois moitos dos elementos dos que vimos falando están tapados ou danados.



## Bibliografía

- GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio: *As varandas de ferro dos corredores e balcóns do Ribeiro*. Deputación de Ourense, 2008.
- FILGUEIRA VALVERDE, Xosé: *Sargadelos*. Edicións do Castro, 2004.
- FRANCO GARCÍA, José: *Sargadelos y el pote gallego. Consideraciones técnicas*. Edicións do Castro, 1994.
- SALGADO, Fernando: *Comerciantes, fabricantes y banqueros*. Biblioteca Gallega, 2017.
- SOTELO RESURRECCIÓN, Enrique: *Las fuentes de hierro pontevedresas*. Aquarest, 2010.
- VÁZQUEZ VAAMONDE, María del Carmen: *La Metalurgia en Galicia de los siglos XVIII al XX: ferrerías, fundiciones y forjas*. Tese de doutoramento, 1995.
- «Sargadelos - Carril - Santiago». Edicións do Castro, 1994.





# A triste condición dos meniños abandonados Expósitos na Estrada a mediados do século XVIII

Juan Andrés Fernández Castro  
juanandresfc@yahoo.es

**Resumo.** Preséntase unha breve análise da situación dos expósitos na terra de Tabeirós e as circunstancias que podían conducir a tal condición: ilexitimidade e miseria, principalmente. Máis da metade (arredor dun 70%) dos expósitos acollidos no Hospital Real de Santiago falecían ao pouco de ingresar; máis afortunados eran os entregados a mulleres do rural para a súa crianza. Convivían baixo o mesmo teito pero non se integraban na familia, véndose relegados a un status case servil.

**Abstract.** Brief analysis of the situation of abandoned children in Tabeirós and the circumstances that could lead to this condition: mainly illegitimacy or poverty. More than half (about 70%) of the abandoned children taken in the Royal Hospital of Santiago died shortly after admission. Those given to countrywomen for their upbringing were more fortunate. They lived together under the same roof but did not fit into the family, being reduced to a servile condition.

O día 2 de outubro de 1931 a veciña de Callobre María Celia Iglesias encontrou, a carón da ponte do río Liñares, unha meniña acabada de nacer envolta nuns pobres trapos. Levouna á súa casa onde lle dispensaron as primeiras atencións e despois trasladouse á vila da Estrada. Foi recoñecida polo médico e inmediatamente bautizada por don Nicolás Mato co nome de María Celia Afortunada, en atención á nena que a recolleu e foi madriña. No Rexistro Civil acordouse asignarlle os apelidos Liñares Estrada, que fan referencia ao lugar do achado e ao pobo que a acolleu. As autoridades municipais, que naqueles tempos tiñan encomenda a tutela dos meniños expósitos, deciden adxudicarlle ás súas expensas unha ama de cría que a alimentase, pero a que había enfermou de gravidade polo que a Corporación decide enviar a María Celia Afortunada a Santiago.

Enterada a veciñanza, concéntrase diante da Casa Consistorial impedindo o traslado e acorda abrir unha colecta para recadar fon-

dos e contratar ademais unha póliza de seguro para a meniña. Pero a fortuna que lle atribuíu o seu nome non a acompañou: acaba falecendo de bronquite aguda uns meses despois, o 26 de xaneiro de 1932.

Ao longo da historia detéctanse innumerables casos de meniños abandonados, vítimas inocentes de fráxil vida e futuro incerto, que padeceron o criminal abandono duns pais que non quixeron ou non poideron coidalos.

No ecuador do século XVIII, contra 1752, viñan ao mundo moitos meniños pois é sabido que nos réximes demográficos antigos non existían outros freos da natalidade que aqueles que actuaban de forma colectiva e inconsciente cando os recursos alimenticios non chegaban para alimentar a poboación. Estes mecanismos naturais (emigración, solteiría definitiva feminina e retraso á idade matrimonial, principalmente) logran moderar un pouco o ritmo da natalidade, pero actuaban moi lentamente. É por iso que non sempre un fillo era ben recibido, sexa por circunstancias que afectaban a honra da nai, ou por outras de carácter socioeconómico, como a certeza de non poder alimentar unha nova boca cando apenas había recursos para manter o resto da familia. Ilexitimidade ou miseria eran pois os factores desencadeantes da triste condición do abandono.

Aqueles meniños indefensos eran depositados, ao dereito de nacer, nalgúns lugares concorridos (porta da igrexa ou da casa dun rico, encrucilladas de camiños) onde se esperaba que algunha alma caritativa os recollese. Outros eran levados directamente á Casa de Expósitos do Hospital Real de Santiago, onde se rexistraba e bautizaba –case sempre *sub conditione*– e logo facíase cargo del unha ama de cría. Unha mortalidade que rondaba o 70% dos ingresados revela as condicións de vida da institución e o triste destino dos infelices que alí ingresaban. Moitos dos expósitos do Hospital Real eran entregados a mulleres da zona rural para que os aleitasen e encomendábaselles, a cambio dun estipendio, a súa crianza deica os sete anos. Actuaba tamén como estímulo na acollida de meniños abandonados o propósito de convertelos en futura man de obra gratuíta.

### 1. Expósitos. Frecuencia en 1752

Parroquia	Veciños leigos	Habitantes	Expósitos
Remesar	42	205	3
Orazo	106	476	23
S. A. de Veá	146	611	6
Lamas	51	223	8
Rubín	109	534	8

O seu status familiar para nada era asimilable ao dos fillos propios e con frecuencia víanse reducido a un estado de servidume próximo ao dos criados, aínda que sen recibir retribución económica. Na táboa 2 apréciase de forma elocuente como criados e expósitos se distribúen homoxeneamente nas familias (arredor do 9%) do que se deduce que ambos os dous grupos realizaban funcións similares.

Era tamén frecuente que moitos meniños de orixe urbana fosen entregados a amas de cría rurais, ben por preservar a honra dalgún fillo habido fóra do matrimonio ou ben, no caso de fillos lexítimos, para aleitalos debidamente por imposibilidade de facelo súa nai; mais estes non cabe consideralos como expósitos; ningún deles se desvinculaba nunca das súas familias, podían ser lexitimados posteriormente por matrimonio de seus pais e regresar aos seus fogares unha vez rematado o seu período de lactancia.

### 2. Composición das familias segundo o Catastro de 1752

Parroquia	Só parentais	Con criados	Con expósitos	Con ambos
Remesar	36	4	3	
Orazo	82	6	18	
S.A. Veá	126	14	6	
Lamas	40	4	7	1
Rubín	87	13	8	
<b>TOTAL</b>	<b>371 (81,53%)</b>	<b>41 (9%)</b>	<b>42 (9,23%)</b>	<b>1 (0,21)</b>
	<b>455 (100%)</b>			

É extraordinariamente difícil penetrar no universo mental das mulleres daqueles tempos arredados e esclarecer os motivos íntimos que as levaban a tomar tan penosa e grave decisión; máis doado é establecer unha aproximación cuantitativa ao fenómeno, tomando

como fonte principal os datos proporcionados polos Libros Persoais do Catastro do marqués de la Ensenada de 1752, fonte inesgotable de información de índole demográfica e socioeconómica. Eliximos para a súa análise —e razoable extrapolación a todo o territorio de Tabeirós Terra— as parroquias de Remesar, Orazo, San Andrés de Veá, Lamas e Rubín, onde se rexistraron, ao tempo de efectuar os interrogatorios para a confección do Catastro, 455 familias.

Debemos recoñecer ás parroquias do actual concello estradense, no que afecta aos expósitos, o seu manifesto carácter ambivalente, como emisoras de expósitos nados no seu territorio, mais tamén, e ao mesmo tempo, destino habitual de meniños expósitos doutras parroquias de Galicia procedentes do Hospital Real de Santiago, quizais debido á proximidade da cidade. Cómpre salientar que estes meniños entregados na Casa de Expósitos compostelana non deixan rastro nos rexistros parroquiais, que unicamente asentan nos correspondentes libros os expósitos achados e bautizados na parroquia (caso pouco infrecuente) ou aqueles que falecen no seu territorio. Nos rexistros de entrada do Hospital Real apenas se encontran datos que poidan identificar a orixe dos meniños entregados, que se ven deste modo desposuídos para sempre, no ámbito público e privado, de toda referencia familiar, circunstancia que os han acompañar toda a súa vida.

Dos 48 expósitos reseñados nos Libros Persoais do Catastro, no ámbito das parroquias de referencia, 27 son homes e 21 mulleres de distintas idades, aínda que a fonte consigna xenericamente *menor*, de modo que o rango de idade fluctúa entre os 0 e os 18 anos, idade á que o expósito podía emanciparse ou permanecer baixo o mesmo teito, mais cobrando xa a correspondente soldada.

### 3. Expósitos residentes en 1752

Parroquia	Homes	Mulleres	Total
Remesar	3	0	3
Orazo	10	13	23
S. A. de Veá	5	1	6
Lamas	6	2	8
Rubín	3	5	8
<b>TOTAL</b>	<b>27</b>	<b>21</b>	<b>48</b>

Calculada a idade media dos cabezas de familia (44'62 anos no tempo de efectuar as averiguacións) podemos deducir que a das esposas ronda os 42, de modo que os expósitos de maior idade serían acollidos cando elas contaban, aproximadamente, con 24 anos, en plena idade fértil pois, e moi probablemente aleitando a algúns dos seus fillos.

A riqueza de datos de relevancia demográfica que ofrece o Catastro permitiunos reconstruír cada unha das unidades familiares establecidas nas parroquias, computar o número de persoas que a compoñen e, tamén, a relación de parentesco que existe entre elas, consignándose, se é o caso, que se trata de criados ou de expósitos, persoas que conviven baixo o mesmo teito pero que son alleas á familia.

#### 4. Grupos domésticos, criados e expósitos según o Catastro de 1752

Parroquias	Habitantes	Grupos domésticos	Criados	Expósitos
Remesar	205	43	5	3
Orazo	476	106	12	23
S.A. Vea	611	146	16	6
Lamas	223	52	7	8
Rubín	564	108	17	8
<b>TOTAL</b>	<b>2.079</b>	<b>455</b>	<b>57</b>	<b>48</b>

O investigador debe ter moi presente esta circunstancia á hora de establecer análises cuantitativas familiares, pois corre o perigo de achegar conclusións erróneas por incluír naquel agregado persoas alleas a elas como son, como queda dito, os criados e os expósitos. Se ben aquelas confusións adoitan ser de índole menor, pode acontecer que o erro acade dimensións considerables cando a presenza duns e outros nas casas acadan magnitudes considerables. Tal sería o caso da parroquia de Orazo, na que en 1752 contabilizamos 12 criados e 23 expósitos, o que supón un incremento demográfico de 35 persoas, equivalente ao 7,5% da poboación total.







# El desfiladero de San Xoán da Cova por Ovidio Murguía

Javier Travieso Mougán  
klemp85@hotmail.com

**Resumen.** El texto comenta diferentes aspectos relacionados con el cuadro pintado por Ovidio Murguía en el año 1898 en el paraje denominado San Xoán da Cova, lugar por el que circula el río Ulla y en el que años después se instaló el viaducto del ferrocarril Santiago-Madrid. La pintura fue encargada por el político Eugenio Montero Ríos para su pazo de Lourizán y responde a una estética pictórica tardorromántica propia de los años previos al estallido de la corriente impresionista.

**Abstract.** This text is about different aspects related to the painting made by Ovidio Murguía in 1898 in San Xoan da Cova, a place through where the Ulla River flows and in which, years later, the Santiago-Madrid railway viaduct was built. The painting was commissioned by the politician Eugenio Montero Ríos for his ancestral home in Lourizán and it corresponds to a late romantic pictorial aesthetics, very common in the years previous to the Impressionist movement.

Cuando el insigne político liberal Eugenio Montero Ríos decide reformar la casa grande de Lourizán, allá por el año 1898, encarga al joven pintor Ovidio Murguía Castro un total de siete obras destinadas a embellecer una estancia singular y acogedora que el estadista compostelano bautizara como «Salón de Fumar». A una de esas obras nos vamos a referir. Se trata del óleo titulado *Paisaje de Ponteulla, San Xoán da Cova*, que en la actualidad se expone en el Museo de Pontevedra, en depósito de la Diputación Provincial (figura 1).

La tela mide 123,5 x 145 cm. Representa el paso del río Ulla por la zona que da título al cuadro y que divide las provincias de Pontevedra y A Coruña, lo que se corresponde con el ayuntamiento de A Estrada en el margen izquierdo y el de Vedra en el derecho. Se trata de un «referente iconográfico» en toda regla que, entre otras



Figura 1: Ovidio Murguía, *Paisaje de Ponte Ulla, San Xoán da Cova*.  
Foto: Museo de Pontevedra.

cosas, ha dado pie a interesantes trabajos, publicados, dos de ellos, en sendos números de esta misma revista<sup>1, 2, 3</sup>.

Estamos ante una de las pocas obras de Ovidio Murguía inspiradas en un lugar reconocible. Evocamos la silueta de nuestro joven artista caminando en soledad por aquellos parajes próximos a Compostela, tomando apuntes en un cuaderno y dejándose seducir por los enormes peñascos que, ligeramente desfigurados, adaptaría luego a su composición. Quién sabe si la fijación obsesiva por los

- 1 PUERTAS MOSQUERA, CAROLINA, «Breve historia de una litografía incunable», en *A Estrada, miscelánea histórica e cultural*, Vol. 11, 2008, pp. 7-11.
- 2 DÍAZ-FIERROS VIQUEIRA, FRANCISCO, «Representaciones gráficas e literarias de San Xoán da Cova», en *A Estrada, miscelánea histórica e cultural*, Vol. 16, 2013, pp. 287-304.
- 3 PÉREZ MOREIRA, ROXELIO; LÓPEZ GÓNZÁLEZ, F. JAVIER, «A descuberta cultural da paisaxe» en *Cultura e paisaxe*, Universidade de Santiago de Compostela, 2010.

opulentos roquedales y los relieves montañosos propia de las gentes sensibles de buena parte del siglo XIX vino a rellenar el vacío existencial que dejara en las almas inquietas el abandono paulatino de los valores del espíritu.

En otros artistas gallegos el hechizo de la montaña ejerció también un poder fascinador, aunque de concepción bien diferente. Pensamos en los poemas de Antonio Noriega Varela o en las telas del vivariense Fermín González Prieto, captadas en la soledad de las serranías lucenses de Doiras o de Filloval.

En el ciclo de obras encargadas por Montero Ríos a nuestro pintor se manifiesta un contraste, una tensión latente entre una amalgama de corrientes que tuvieron su origen en la espectral escuela francesa de Barbizón, en la de Aix-en-Provence (figura 2), o en la de los paisajistas del Piamonte (figura 3) y, de otro lado, la llamada del aire purísimo y diáfano de la serranía de Madrid que siente Ovidio cada vez con más fascinación y que le lleva a mirar hacia los fondos paisajísticos de Diego Velázquez, a la atmósfera de los *Jardines de Villa Médici*, *Las Meninas*, *Las Hilanderas* o *Mercurio y Argos*, obras que había tenido ocasión de estudiar con detenimiento durante sus años de estancia en la capital. La investigadora Ángeles Tilve acierta de lleno al comentar la que posiblemente haya sido la última obra pintada de toda la serie, la titulada *Ría de Vigo* (figura 4), cuando escribe

La claridad de este paisaje, realizado bajo una intensa luz de mediodía, la limpieza del cielo y la soltura en la ejecución nos muestran elementos de la moderna orientación pictórica que la muerte le impedirá desarrollar<sup>4</sup>.

En el cuadro de San Xoán da Cova empieza a latir esta lucha que frustró la enfermedad. Los árboles de primer plano adolecen de armonías de colores ásperos y apagados, como si escondieran algún drama interior. Para un pintor cántabro o asturiano, criado entre el cromatismo uniforme de sus praderas y sus cadenas montañosas, esta gama de tonos sombríos le habría de resultar familiar, pero en un pintor gallego, amamantado entre la luminosidad de un paisaje jugoso, de múltiples y diferenciados matices de verde, esta identi-

4 TILVE JAR, ÁNGELES, «Ovidio Murguía de Castro. El paisajista de la Generación Doliente», en *Ovidio Murguía*, Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña, 2001.



Figura 2: Joseph Gibert, *Le Vallon de Saint - Pons*.



Figura 3: Fontanesi, *Il Bagno di Diana*.

ficación decimonónica de Ovidio Murguía en verdad nos resulta extraña. Es posible que estemos ante unos años de aprendizaje y de estudio que pugnan por escapar hacia una renovada visión de la naturaleza.

Los románticos franceses introdujeron en España la ensoñación de la sierra del Guadarrama, a la que dedica Ovidio una de sus pinturas destinadas a Lourizán. Por toda Europa se empezaron a construir vías férreas para acceder a lo alto de las cordilleras. En Madrid se canalizó el agua de Lozoya y en Cataluña se organizaron sociedades de excursionistas a la búsqueda de rincones desconocidos. El protagonismo de la montaña se manifestó, sin embargo, con cierto retraso en el arte español y refleja la división entre los que contemplan la naturaleza con mirada de geólogo y los que, influidos por la Institución Libre de Enseñanza, se dejan llevar por el sentir poético, por la ensoñación, siguiendo el principio de Giner de los Ríos, de que «el



Figura 5: Aureliano de Beruete, *Grindelwald*. Museo del Prado.

Figura 4: Ovidio Murguía, *Ría de Vigo*, 1898.

paisaje es la expresión de nuestra alma individual y colectiva»<sup>5</sup>. La figura del institucionista Manuel Bartolomé Cossío dice mucho de la valoración de Galicia en la España de aquel momento. Escribió buena parte de su imprescindible estudio sobre la figura de El Greco en la casa de San Victorio, en la parroquia de San Fiz de Bergondo, con vistas a la ría de Betanzos<sup>6</sup>.

Otros pintores de aquellos años irán asumiendo lentamente el «impresionismo» que irradiaba hacia todas partes desde Francia. Renovadores de la pintura española de esa tendencia se trasladaban a pintar a Suiza o a los Alpes Dolomitas (figuras 5 y 6). La pintura española se acercaba tímidamente a la consabida «liberación del color», pero Ovidio Murguía, debido a su muerte temprana, no llegó a saborear sus mieles. El centro neurálgico estaba en París y posteriormente en el «midi» francés. Pensemos que estamos tan sólo a siete años del estallido del movimiento «fauve».

Ovidio dirigirá su mirada y su sensibilidad hacia la poética del Siglo de Oro. Es posible que le echara en cara a la corriente impresionista lo mismo que decía de ella el compositor Claude Debussy.

5 PENA, MARÍA DEL CARMEN, *Pintura de paisaje e ideología. La generación del 98*. Taurus Ediciones, Madrid, 1983.

6 VALENTE, JOSÉ ÁNGEL, *Las palabras de la tribu*, Ed. Tusquets, Barcelona, 1994, pp. 178 y 179.



Figura 6: Gustavo Bacarissas,  
*Alpes Dolomitas*.

No aceptaba ese calificativo para su propia música porque, según él, la pintura impresionista ensalzaba la alegría cromática pero carecía de misterio. El óleo *Ría de Vigo*, con esa lancha varada en primer plano, estamos convencidos de que, de haber sobrevivido la inmensa voz poética de Rosalía, su añorada madre, ésta la consideraría su obra predilecta entre todas las suyas. Debemos resaltar el embeleso de la luz velazqueña aunque también algo hay en ella que nos lleva a pensar en los paisajes de Camille Corot, al igual que el óleo *El puente de los franceses*. De *Ría de Vigo* emanan igualmente resonancias lejanas

de la austeridad compositiva del Goya del *Perro enterrado en la arena*, que, como es bien sabido, se viene considerando un precedente lejano de la abstracción. Esa «lírica presencia» de una dorna varada en el arenal, a decir de Ramón Otero Pedrayo, la cultivarán en Galicia, posteriormente, autores de la talla de Francisco Lloréns o del renovador Manuel Torres en sus múltiples acuarelas y dibujos captados en el barrio marinense de Banda do Río.

Su admirado Carlos Haes, paisajista de origen belga, desconoce por completo esta lírica nitidez de raíz hispánica. Del realismo objetivo de sus cuadros se deduce fácilmente que Haes se sirvió de avances novedosos en su momento, como eran los daguerrotipos. Ovidio, por el contrario, huye a conciencia del empleo de la tecnología. Sabía de sus inconvenientes. La fotografía resultó ser letal para artistas del talento de un Sorolla, por ejemplo, así como de tantos otros pintores que falsamente afirmaban elaborar sus cuadros en su integridad «al aire libre».

Al óleo de San Xoán da Cova no lo podemos calificar de «romántico», pero tampoco de «naturalista». Le falta para ambas cosas un «casi», al igual que en la simpática anécdota de la que hablaba Ortega y Gasset cuando se refería a familias asentadas desde anti-

guo en una hermosa villa de la costa andaluza. Habían perdido su abolengo y sólo hacían gala de maneras aristocráticas. Los pueblos de alrededor les dedicaron una estrofa que se hizo por entonces muy popular:

En una casi ciudad  
Unos casi caballeros  
Sobre unos casi caballos  
Hicieron casi un torneo

Hoy sabemos que el poder cautivador de los colosos del relieve, algunos en verdad sobrecogedores, inspiraron obras más relevantes en el terreno de la música que en de la pintura. El joven Ovidio, que por herencia de su madre no sería extraño que diera muestras de una destacada sensibilidad musical, no hay duda de que se habría de identificar, por citar sólo a algunos de sus contemporáneos, con la sonoridad grandilocuente de las misas de Lorenzo Perosi o las colosales construcciones sinfónicas de Anton Bruckner y la majestuosa solemnidad de sus acordes al órgano, que resonaban desde tiempo atrás en las recónditas naves de la abadía de San Florián.

De haber vivido bastantes más años y disfrutado de las pantallas de cine, podríamos suponer que también Ovidio Murguía se habría dejado cautivar por el ambiente estremecedor de las emboscadas entre fallas y barrancos de la cordillera de Nevada o del Valle de la Muerte, de la mano de buena parte de los directores de *westerns* cinematográficos de la década de los años cincuenta, que han sido, sin la menor duda, los últimos grandes paisajistas que ha dado la historia de nuestra cultura.

En el *San Xoán de Cova* que nos atañe notamos un ligero avance en el impulso velazqueño, y, más en concreto, en el único detalle de humanidad que en ésta obra se deja sentir: el humo que emana de esa chimenea misteriosa, resuelta con trazo amplio y fluido, ligeramente nervioso, inspirado en la pincelada propia de los últimos años del maestro sevillano.

La composición, que se estructura sobre unas líneas que convergen en la zona inferior derecha adolece de una solución poco feliz en la parte superior, con un corte brusco entre lo alto de las rocas y el celaje, dejando ver en medio una arboleda de fondo a la misma



altura, lo que da al cuadro una solución fría, geométrica, pensamos que poco afortunada.

Una vez aceptado el compromiso del pazo de Lourizán se vino Ovidio de Madrid, donde ocupaba un puesto de funcionario en el Ministerio de Ultramar y recibía clases de pintura en el Círculo de Bellas Artes. Salía con frecuencia a pintar del natural al entorno de la Casa de Campo<sup>7</sup>. Aún así la tendencia a la diversión propia de su temperamento juvenil le llevaría a añorar, a su regreso a Galicia, la vida feliz de la que disfrutaba en la Villa y Corte. A la vista de éste cuadro, y de buena parte de su obra, podríamos hacernos la imagen de Ovidio como la de un ser taciturno, pero la realidad era bien diferente. Su leyenda romántica se incrementa al desvelarse su condición de enamorado. Tenía, al parecer, relaciones serias con una modelo que posaba para diferentes artistas y que se encontraba embarazada cuando Ovidio regresó definitivamente a Galicia aquejado de tuberculosis. Y es que un alma dolorida suele estar íntimamente identificada con un alma vitalista. Un pariente suyo que vivía en Madrid, el novelista Alejandro Pérez Lugín, le había escrito a su padre haciéndole saber lo «poco recomendable» que era esa chica para su hijo. La joven se llamaba Visitación Oliva. Las hermanas del pintor destruían sus cartas, mientras el joven Ovidio pronunciaba el nombre de su amada entre los delirios que le causaba la enfermedad<sup>8,9</sup>.

Estamos en este óleo de *San Xoán da Cova* en los estertores de un romanticismo rancio al que se refería José Luis Bugallal con esa prosa cordial y prudente tan suya:

Y adviértase el papel decisivo y enaltecedor que a Galicia corresponde en el movimiento romántico de nuestra pintura nacional: un gallego lo inicia: Genaro Pérez Villamil; otro gallego lo cierra: Ovidio Murguía Castro...<sup>10</sup>.

7 TILVE JAR, A. ob cit.

8 NAYA PÉREZ, JUAN, *Estudios acerca de la familia Murguía-Castro*. Deputación Provincial da Coruña. A Coruña, 1998.

9 TILVE JAR, A. ob cit.

10 BUGALLAL, JOSÉ LUIS, *El sentimiento lírico materno en la pintura de Ovidio Murguía*. Discurso leído ante la Real Academia Gallega en su recepción pública el día 4 de enero de 1951.



## Mulleres traballando a prol do seu pobo: a Asociación de amas de casa, consumidores e mulleres rurais da Estrada *Avelina Valladares*

María Dolores (Noni) Araújo Arias  
daraujoarias@hotmail.com

**Resumo.** Neste traballo dáse conta do labor social e cultural da Asociación Avelina Valladares. A súa actividade impregnou durante moitos anos o diario acontecer na zona urbana estradense e tamén na extensa área rural que comprende o seu municipio. Pódese dicir que moi poucas cousas foron alleas ao interese da la asociación, que centrou todos os seus esforzos, inspirados sempre no feminismo máis auténtico, na promoción integral da muller e no servizo aos demais.

**Abstract.** This article is about the social and cultural work of Avelina Valladares Association. For many years it influenced the daily life in A Estrada urban area and also in the vast rural area of this city council. It can be said that there were very few matters in which this association had not been involved. They focused all their efforts, always inspired by the most genuine feminism, on women's promotion and serving others.

A muller estradense foi historicamente unha loitadora nata que contribuíu de xeito decisivo ao desenvolvemento e o progreso da nosa comarca. Como mostra, citáranse algúns exemplos de mulleres que nos serviron de guía e alento, precursoras da primeira asociación que a autora deste artigo tivo a honra de presidir, dende a súa fundación, en 1983, ata o ano 2005: a Asociación de Amas de Casa, Consumidores e Mulleres Rurais da Estrada *Avelina Valladares*.

A Asociación, tomando o exemplo das súas ilustres antepasadas, veu realizando un intenso labor feminista a través de multitude de actividades de todo tipo. Sen excluír aquelas tarefas que tradicionalmente foron atribuídas ao «sexo débil», tamén se buscou a incorporación da muller ao mundo laboral, o acceso á cultura, á actividade física e intelectual e, en definitiva, todo aquilo que enriqueza la muller como ser humano en situación de plena igualdade cos homes.

## Antecedentes

Son tan numerosos os casos de mulleres de valía excepcional que loitaron polo progreso do noso pobo que prefiro non nomear a ningunha por non cometer a inxustiza de non acordarme de todas. Exceptuando tres nomes ilustres que merecen mención especial e que viviron entre os séculos XIX e XX:

Avelina Valladares Núñez, a cantora da Ulla, naceu o 23 de outubro de 1825 no pazo de Vilancosta, en Berres. Ao profundo amor pola súa terra galega, que se plasma nos poemas *A Ulla* e *Miña Xoia*, une o seu grande interese por temas prácticos como os cultivos, á vez que aborda a crítica social sobre algunhas supersticións populares e o mantemento dun ton reivindicativo á hora de facer peticións de interese xeral ante a autoridade eclesiástica. Todo un exemplo do espírito loitador das nosas mulleres.

Melania Nine Fraga, persoa de actividade incansable a prol do seu pobo, foi unha das principais promotoras da construción da nova igrexa parroquial. Cedeu os terreos onde se atopa situada e recadou fondos para a súa construción, buscándoos nas orixes máis diversas, mesmo mediante a organización de obras de teatro que dotaban ao noso pobo destes tan necesarios eventos culturais. Benfeitora encargada de solicitar material para o sanatorio antituberculoso do Rebullón, intercesora de indultos a presos políticos, son incontables as accións a favor dos seus concidadáns.

Virxinia Pereira Renda, esposa de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. Segundo a súa partida de nacemento, Virginia Nicolasa María de Gracia Tomasa Pereira Renda, naceu o día 21 de outubro de 1884 ...*en su casa-habitación sita en la plaza principal de esta Villa*. Con todo, na súa partida de bautismo consta o día 20 de outubro do mesmo ano. Como ben di o seu sobriño Alfonso Fidalgo nun artigo de *La Voz de Galicia* publicado o 30 de marzo de 1986 *La mujer de Castelao participó en la inspiración del nacionalismo*. As súas intervencións en numerosos actos públicos en Bos Aires foron moi ben acollidas e serviron de acicate para impulsar o pensamento galeguista que perdura ata os nosos días:

Así fue durante la vida de Castelao y después de fallecido, aunque su modestia no le dejaba ver como a partir de ese momento se había transformado en el

trasunto de aquél en cuantos actos y realizaciones galleguistas tuvieron lugar en Buenos Aires.

Podería dicirse que foi unha gran muller para un gran home.

## **Fundación de Amas de Casa e a súa evolución**

En 1983 a Asociación *Rías Baixas* de Pontevedra decide crear no noso pobo a súa filial *Asociación Local de Amas de Casa e Consumidores da Estrada*. O 24 de novembro viñeron para tal fin, a súa Presidenta Rosa María Vales e a súa secretaria María Luisa Blasco a unha reunión convocada no Colexio Público *Pérez Viondi* para as 19 h. Faise unha votación secreta entre as asistentes para nomear a directiva, constituída polas seguintes persoas:

Presidenta:	María Dolores Araújo Arias
Vicepresidenta:	Virginia Rolón Varela
Secretaria:	Blanca Fraga Lago
Tesoureira:	Angelines González Victorio
Vogais:	Heriberta Brea Barreiro
	Ángeles Fenollera García
	Regina Fernández Rodríguez
	Ana María García Varela
	Amparo Vila Pérez
	Gisèle Maïssa Rodrigo

O 28 de marzo de 1984 comeza a actividade da Asociación, quedando rexistrada no libro de actas proporcionado por María Luisa Blasco Planes, secretaria da Asociación *Rías Baixas* de Pontevedra.

Máis tarde (a finais do ano 1990) a Asociación fedérase coa Asociación de Consumidores *Xuntanza* de Vigo e créase a Oficina de Consumo que comezará a funcionar no ano 1991, recibindo por este motivo subvencións para sufragar a dotación deste servizo: local e persoal encargado da atención ao cidadán.

En marzo de 1994, aproveitando a infraestrutura xa existente e coa mesma directiva, créase a Asociación de Mulleres Rurais *Avelina Valladares*. A finalidade que se persegue con esta nova asociación, é fomentar a participación e incorporación activa da muller rural das parroquias estradenses á sociedade actual, promocionando

e poñendo en valor as actividades tradicionais e os produtos típicos de cada lugar do noso concello. O obxectivo principal é rescatar e dar a coñecer o valiosísimo traballo realizado polas mulleres do rural, e fomentar a creación de cooperativas que xeren postos de traballo estables relacionados coa súa actividade habitual. Un ano máis tarde, atendendo a motivos loxísticos, decidiuse por unanimidade en asemblea xeral conxunta das dúas asociacións, a fusión de ambas. Nace a Asociación de Consumidores, Amas de Casa e Mulleres Rurais *Avelina Valladares*.

Posteriormente agrupámonos coa Asociación de amas de casa *Virxe de Bonaval* de Santiago de Compostela para fundar de forma conxunta, no ano 2003, a Unión de Consumidores Europeos de Galicia EUROCONSUMO GALICIA, ocupando a vicepresidencia da mesma.

## **Historia da Asociación, 1983-2005**

Dende a súa fundación, en novembro de 1983, a Asociación de Consumidores, Amas de Casa e Mulleres Rurais *Avelina Valladares*, nace cunha clara vocación de servizo ao pobo da Estrada en xeral e de forma máis específica, tratando de promover o progreso e benestar das súas mulleres. Os seus obxectivos quedan claramente recollidos nunha memoria explicativa realizada no ano 1995:

Nuestro colectivo tiene entre sus proyectos más inmediatos, la realización de varios ciclos de información sobre diversos temas de interés actual para la mujer, además de numerosos cursos cuyo objetivo será reforzar su formación para el mejor desarrollo del trabajo, e incluso para que, acogiéndose a nuevas perspectivas laborales, abandonen la actividad agrícola que se presenta en muchos casos insuficiente como fuente de ingresos, para favorecer la creación de cooperativas de trabajo en común en las que pueden combinar el trabajo del hogar con otras actividades.

Nuestra asociación también presta varios servicios a sus asociadas y a aquellas personas que lo necesitan. Estos servicios abarcan áreas muy diversas: asesoramiento, información, formación, ayuda a la integración socio-laboral, fomento de asociacionismo de las mujeres, defensa de los intereses de los asociados, defensa de las mujeres como consumidores, organización de actividades en conjunto con la comunidad, defensa y asesoramiento de la mujer maltratada y discriminada, etc.

Los objetivos que se pretenden alcanzar con este ciclo de actividades son los siguientes:

Fomentar la igualdad de derechos entre el hombre y la mujer.

Fomentar la integración de la mujer en la sociedad actual.  
 Fomentar la integración de la mujer en el mundo laboral.  
 Fomentar la creación de cooperativas de trabajo común.  
 Campañas informativas sobre distintos temas que puedan preocupar a la mujer sobre su vida en familia, sanidad y consumo.  
 Información total sobre malos tratos a la mujer, qué se debe hacer, a quién recurrir y qué medidas adoptar.  
 Información sobre cooperativismo, estatutos, conductos reglamentarios para la formación de cooperativas y asesoramiento y tramitación de documentación para cooperativas....

Parte fundamental do éxito da Asociación, que chegou a contar con máis de seiscentas socias e dous socios, non só dentro da comarca, senón de toda Galicia, foron as súas actividades que se daban a coñecer todos os anos no *stand* que se montaba na Feira do Moble, onde se informaba sobre as viaxes, cursos e clases de ximnasia, cociña, labores, etc. A continuación, farase unha descrición das distintas actividades e colaboracións con outros organismos e entidades.

### **Actividades de formación**

Un dos obxectivos principais da Asociación foi que as mulleres estradenses puidesen obter titulacións oficiais que favorecesen a súa incorporación ao mundo laboral. Neste sentido, convocáronse multitude de actividades promovidas pola Xunta de Galicia e patrocinadas pola Comunidade Europea, das que son bo exemplo os innumerables cursos de iniciación e perfeccionamento de lingua galega, impartidos anualmente e que servían para a consecución de méritos nas oposicións convocadas pola Administración Autonómica, ademais de numerosos cursos de formación ocupacional con gran éxito de asistencia e de creación de postos de traballo, como foron os de azafatas de congresos e de encadernación de libros, entre outros. Este último, despois de dous anos consecutivos con grande éxito de participación e interese das asistentes, supuxo a constitución da cooperativa de encadernación *Papiros*. Sendo tan innumerables os cursos desenvolvidos durante o período ao que se refire este traballo (1983-2005), a continuación describiranse máis detalladamente aqueles considerados máis relevantes, mentres que outros, simplemente serán citados.

## Ano 1985

Curso de electricidade patrocinado por Fenosa

O Colexio Público Pérez Viondi ofreceu amablemente as súas instalacións para impartir un curso de electricidade patrocinado por Fenosa. Un numeroso grupo de socias seguiu con gran interese as explicacións dos expertos profesores que abarcaron temas diversos: pequenos arranxos domésticos, interpretación da factura eléctrica, consellos para aforrar enerxía, etc.

## Ano 1992

1992-2005. Cursos de cociña

En 1992 comezaron a organizarse reunións culinarias onde as socias achegaban os coñecementos e trucos persoais que aplicaban ás súas receitas. Ante o grande éxito alcanzado, en 1993 contáctase coa cociñeira estradense Nieves Feros, quen transmitiu a sabedoría que emanaba dos seus fogóns, de forma ininterrompida ata o ano 2005. Foi un privilexio gozar do seu inmenso coñecemento durante todo este tempo, compartindo con ela a alegría e satisfacción polos seus premios gastronómicos. Desde estas páxinas quero enviar unha mensaxe de grato recordo para esta mestra e amiga que nos deixou en datas recentes.

1992, 1995-96. Cursos de azafatas de congresos

A edición 1995-96 deste curso foi un grande éxito, sendo encomiado no acto de clausura –que elas mesmas organizaran–, pola directora xeral do Servizo para a Igualdade do Home e a Muller, Carmen Bianchi, que fixo entrega dos diplomas acreditativos conxuntamente co alcalde Ramón Campos, a presidenta da Asociación, Noni Araújo e a secretaria da mesma, Margarita Rodrigo. Posteriormente, as vinte alumnas que realizaron con aproveitamento o curso, foron contratadas en distintos eventos e feiras celebrados en Santiago, así como pola Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada para a organización das Feiras do Moble que se realizaron nos anos sucesivos.



1985 Acto de clausura con entrega de obsequios a responsables do curso. De esquerda a dereita: Noni Araújo, María Regina Fernández Rodríguez, Angelines González Victorio, Maruchi Rolón Varela e profesores do curso.



1985 Alumnas e profesores do curso de electricidade. De esquerda a dereita e de abaixo a arriba:

FILA 1: Noni Araújo, Pili Fernández. FILA 2: Tere Cordo Rey, Maruchi Rolón Varela, Gloria Barreiro Sangiao, Angelines González Victorio, Manuela (Lela) López Carbón, Angelines Pendás Martínez, Inés Pumares, Olga Pumares. FILA 3: M<sup>a</sup> Luz Touceda Barreiro, Amparo Vila Pérez, María Regina Fernández Rodríguez, Loli Carballada Carballada, Nazaret Fernández Díaz, Angelines Brañanova, Mari Carmen Rodríguez, Milagros Somoza Carbón, ????, Leonor Neira Ferradans, Angeles Portas Varela. FILA 4: Maruja Carracedo, Elena Esteban, Lucita Arca, Julia Rey Chao, ????, M<sup>a</sup> del Carmen López Sanmartín, M<sup>a</sup> Jesús Valladares Souto, Virginia Varela, Marujita Trabazo, Quica Santorum, Lina Varela. FILA 5: Rosa M<sup>a</sup> López Campos, Manuela (Lela) Villamayor, M<sup>a</sup> Elena Porto, Humberto de la Torre, Natalia Abeledo, profesor, profesor, profesor, Carmucha Muñiz Otero.



## 1992-2005. Curso de iniciación á lingua galega

Multitude de estradenses, pertencentes ou non á Asociación de Amas de Casa, inscribíronse nestes cursos. Tamén se apuntaron persoas doutras comunidades autónomas que, residindo na Estrada, se interesaban polo noso idioma. Ao seren cursos oficiais subvencionados pola Consellería de Educación, tamén foron válidos para obter a puntuación requirida en coñecemento de lingua galega de todas as oposicións convocadas pola Xunta de Galicia.

### Año 1993

#### 1993, 1994, 1995. Curso de encadernación

Tras a finalización do curso de encadernación de 200 horas lectivas que comezou o 3 de outubro de 1994, sete das quince alumnas decidiron constituírse en cooperativa aproveitando os coñecementos adquiridos para integrarse ao mundo laboral. Recibiron a axuda da Asociación de Amas de Casa, que cedeu temporalmente o local onde se desenvolveu o curso para o inicio desta actividade empresarial. Tamén recibiron o asesoramento da Asociación Comarcal de Empresarios para os procedementos legais. O 16 de febreiro de 1995 tivo lugar a clausura oficial do curso, nun acto realizado no restaurante Nixon, onde a directora xeral do Servizo para a Igualdade do Home e a Muller, Carmen Bianchi entregou os diplomas e felicitou ás sete cooperativistas, á vez que indicaba que o obxectivo último destes cursos era precisamente a inserción laboral das alumnas. Previamente, Noni Araújo realizaba a presentación do acto, felicitándose da culminación deste curso como

un buen ejemplo a seguir. Y debemos fomentar este tipo de actividades y buscar cursos que sirvan para que la gente encuentre trabajo.

Tamén interveu o alcalde Ramón Campos para indicar que o concello fomenta e apoia iniciativas que sirvan para eliminar o paro no municipio estradense, agradecendo a colaboración da Asociación de Amas de Casa nesta tarefa.

1993-2005. Cursos de perfeccionamento de lingua galega  
Tamén auspiciados pola Xunta de Galicia, tiveron grande éxito para perfeccionar o coñecemento da nosa lingua e para obter a puntuación necesaria en todas as oposicións de ámbito autonómico.

1993-2005. Cursos de informática

Fundamentais para o acceso da muller ás tecnoloxías da información e a comunicación, é un coñecemento básico, cada vez máis demandado na oferta laboral existente. Con todo, non se restrinxiu o seu acceso ás asociadas, senón que tamén se ofreceu aos familiares destas que os solicitasen.

### **Ano 1995**

Enumeración de varios cursos realizados durante 1994:

- Curso de administrativo.
- Curso de xardinería.
- Curso viveirista de plantas de interior.
- Curso de tapicería.
- 1994, 1999 Curso de Auxiliar de enfermería, especialidade en Xeriatría.

### **Ano 1996**

Curso de emprendedor turístico

As 17 asistentes obtiveron os seus diplomas acreditativos de pasar con aproveitamento o curso, sendo entregados pola directora xeral do Servizo para a Igualdade do Home e a Muller, Carmen Bianchi á finalización do mesmo. Esta mostrou a súa gran satisfacción polos resultados e traballos realizados, onde se recolleron datos sobre puntos de interese turístico e do patrimonio histórico da Estrada, sendas, festexos e demais información relevante para os visitantes da comarca. A cooperativa *Papiros*, froito da realización dos cursos de encadernación organizados pola Asociación, encadernou tres copias do traballo realizado: unha para o Concello, outra para a Conselleira de Familia e outra para as Amas de Casa que, ante o grande interese mostrado por Carmen Bianchi, cedéronlla gustosamente.

Ano 2003. Curso de Ofimática

Ano 2005. Curso Técnico de Audiovisuais

### **Actividades culturais**

O fomento da cultura en todos os ámbitos é unha prioridade da Asociación de Amas de Casa, que promoveu desde os seus inicios, organizando e colaborando activamente en numerosos eventos ao longo da súa historia. A continuación, relataranse aqueles considerados máis relevantes a xuízo da autora deste artigo.

#### **Ano 1984. Celebración do 50 aniversario do Instituto da Estrada**

En colaboración coa Asociación de Fillos e Amigos da Estrada, en outubro de 1984, celebrouse un acto en conmemoración do 50 aniversario do Instituto local. A nosa misión consistiu en contactar e convidar os primeiros profesores residentes en Pontevedra para que nos honrasen coa súa asistencia. Todos eles confirmaron a súa participación, con grande emoción e agarimo.

O acto comezou coa recepción aos profesores no Concello por parte do alcalde D. Manuel Reimóndez Portela. Houbo unha gran asistencia de público, na súa gran maioría, antigos alumnos. A continuación, trasladamos aos profesores á emisora Radio Estrada, onde se realizou unha entrevista na que compartiron multitude de anécdotas e observacións, como a de don Enrique Vidal Abascal na que encomiou a «intelixencia natural dos alumnos da comarca da Estrada». Finalizouse a xornada coa celebración dun xantar de confraternización entre profesores e exalumnos.

#### **Ano 1985**

Actos do Día das Letras Galegas (17 de maio), dedicado a Antón Losada Diéguez

Os actos foron: a celebración dunha conferencia sobre a figura do ilustre escritor, o descubrimento dunha placa e a celebración dunha



Colocación de placa conmemorativa na casa de Antón Losada Diéguez.  
De esquerda a dereita: Miguel Losada Espinosa, Luis Losada Espinosa, Noni Araújo, Michuca Losada Espinosa, Alfonso Varela Durán, Albina Losada Espinosa, Manuel Reimóndez Portela, M<sup>a</sup> Jesús Otaola Barainca, Isabel Campa Alonso (dona de Luis Losada), Antón Fraguas, José Benito Núñez González (home de Albina)



1985 Actuación na igrexa da Estrada da Coral Polifónica de Pontevedra, da que Losada Diéguez foi presidente fundador.

misa. A Asociación de Amas de Casa encargouse de organizar os dous últimos eventos.

Comezou a xornada no Concello, coa celebración dunha conferencia maxistral a cargo de D. Antonio Fraguas e Fraguas onde interviñeron, entre outros, o presidente da Asociación de Fillos e Amigos, D. Alfonso Varela Durán e o Sr. Alcalde D. Manuel Reimóndez Portela. A continuación descubriuse unha placa conmemorativa na casa onde pasou a súa infancia. Concluíuse o evento coa celebración dunha Misa solemne cantada, á que asistiu a súa familia e a Coral Polifónica de Pontevedra, da que Antón Losada Diéguez foi presidente e fundador conxuntamente con Castelao e outras personalidades. Foi de agradecer a asistencia da Coral Polifónica, que accedeu gustosamente á invitación ao tratarse dunha homenaxe ao presidente fundador da mesma.

## Ano 1987

### Curso de Arte Románica

Impartido polo catedrático de Historia do Instituto da Estrada, don Antonio Porta de la Encina. Tras as interesantes clases sobre os elementos construtivos, ornamentos, época na que floreceu e as súas peculiaridades propias, finalizouse o curso coa visita ás principais igrexas románicas existentes no noso concello e culminando coa visita á catedral de Santiago, obra cume do mestre Mateo e máxima expresión desta arte.

## Ano 1988

### Curso de Arte Gótica

Por segunda vez, tivemos o privilexio de gozar das eruditas e amenas leccións impartidas por don Antonio Porta de la Encina. Esta vez, sobre a arte gótica facendo fincapé nas súas diferenzas co románico, o seu lugar de orixe (Francia) e relatándonos a súa implantación tardía en Galicia por ser unha arte *cara* en comparación co románico, máis robusto pero de menos ornato. A culminación deste curso foi a visita á cidade gótica por excelencia de Galicia, Betanzos, onde a sabedoría do profesor manifestouse nas explicacións realizadas *in*

*situ*, sobre as características da igrexa de San Francisco: as escenas de caza que rodean o sepulcro de Fernán Pérez de Andrade O Bo.

## **Ano 1992**

### Xornadas sobre Arte Barroca

O 20 de febreiro de 1992, a historiadora María Jesús Fernández impartiu no local da Asociación unha conferencia sobre arte Barroca, resaltando as características principais deste estilo, a súa época de esplendor e os seus monumentos máis representativos en Galicia. O día 21 organizouse unha viaxe a Santiago de Compostela e ao mosteiro de Sobrado dos Monxes, bo expoñente desta arte en Galicia. Foi unha viaxe moi proveitosa, onde se admirou a beleza desta arte con máis detalle grazas ás inmejorables explicacións ofrecidas pola experta conferenciante na xornada anterior.

## **Ano 1997**

### Premio de poesía Avelina Valladares

A proposta da Asociación de Amas de Casa e Consumidores *Avelina Valladares*, o concello da Estrada ofrécese amablemente, a través do seu concelleiro de Cultura, José Manuel Reboredo Baños, a realizar os trámites necesarios para a organización deste evento. Estas conversacións co concello tiveron lugar a finais do ano 1996 e principios de 1997, culminando o día 18 de maio coa entrega da primeira edición do premio, que xa vai actualmente pola súa XXIV edición. É un orgullo e satisfacción a celebración deste certame que, xunto co Premio de Narrativa *García Barros* e o de teatro *Varela Buxán*, converte ao Concello da Estrada nun dos máis activos na promoción da cultura galega. Como recoñecemento a esa idea inicial que xurdiu entre os anos 96 e 97, o concello ten a deferencia de nomear todos os anos a Noni Araújo secretaria con voz e sen voto do xurado.

## Ano 2001

### Conferencia *El mueble a través del tiempo*

O 2 de maio de 2001 celebrouse na Galería Sargadelos da Estrada, a conferencia *El mueble a través del tiempo*, impartida pola experta historiadora María Jesús Fernández, enmarcada dentro das xornadas teóricas pertencentes ao curso de restauración de mobles que se desenvolvía neses datas. A exposición de diferentes técnicas construtivas foi unha imprescindible orientación para os alumnos de cara a teren un coñecemento máis profundo do que ían encontrar nas clases prácticas.

### Conferencia sobre a evolución do moble pacego galego

O 9 de maio de 2001 celebrouse na sala de exposicións de Caixanova, unha conferencia sobre a evolución do moble pacego galego por parte dos expertos xenealoxistas e heraldistas dezanos César Gómez Buxán e Francisco Rubia Alejos. As súas eruditas intervencións, encadradas dentro das xornadas do curso de restauración de mobles, puxeron en contexto as peculiaridades do mobiliario pacego e foron de grande axuda a todos aqueles alumnos que restauraron pezas antigas dos seus antepasados.

## Ano 2002

### Conferencia sobre Modernismo

Aproveitando o 150 aniversario do nacemento de Gaudí, a catedrática de Historia do Instituto da Estrada, Rosario Bellot, impartiu unha interesantísima conferencia sobre o Modernismo, ofrecendo as características fundamentais do *Art Nouveau* e o *Art Déco* como unha evolución do anterior. Tamén se realizou unha viaxe a Barcelona, máximo expoñente do movemento modernista español, onde se atopan as principais obras mestras do xenial arquitecto catalán.

## Ano 2004

### Ciclo de conferencias sobre a historia da Estrada

– 14 de abril: *Nacer, vivir y morir en A Estrada de 1750.*

Maxistral estudo onde se estableceu unha correlación entre a natalidade existente no municipio e as migracións dos homes a Castela para realizar os traballos de sega dos seus latifundios.

- 26 de maio: *Fuentes para el estudio de la historia de A Estrada*  
Interesantísima conferencia na que se mostraron partidas de nacemento dos libros de bautizados das distintas parroquias da Estrada, que causaron grande impacto no público asistente.
- 28 de outubro: *La fotografía como fuente histórica*  
Excepcional repaso á historia da Estrada, a través de interesantísimas fotografías que mostraban a evolución do noso pobo a través do tempo.

Estas tres conferencias foron impartidas por Juan Andrés Fernández Castro, director do Museo Manuel Reimóndez Portela.

## Ano 2005

Charla sobre os pazos galegos

O 25 de maio ás 19:30 h tivo lugar na sala de exposicións de Caixa nova, unha charla sobre os pazos. O conferenciante foi Grato Ernesto Amor, vicepresidente da *Asociación de Amigos de los Pazos*. A presentación foi realizada polos investigadores dezanos Francisco Rubia Alejos e César Gómez Buxán.

## Actividades sociais

O compromiso da Asociación en ámbitos diversos, como a promoción e integración social da muller, os festexos populares, a homenaxe a persoas relevantes do noso pobo e a axuda incondicional a calquera estradense que precise da nosa colaboración son outras prioridades que xustifican plenamente a súa existencia.

## Ano 1984

Xornada gastronómica patrocinada por Larsa

O 2 de decembro de 1984 celebrouse no local social do casino da Estrada unha xornada gastronómica patrocinada pola empresa Larsa. Alberto, o xefe de cociña do casino, ensinounos a elaboración





1984. Curso de cociña no Casino, patrocinado por Larsa. Obsequio sorteado entre as asistentes. Alberto fai entrega do premio a Milagros Pego, en presenza de Mariquilla Campo Fernández, dona de Larsa, e de Noni Araújo.

de exquisitas receitas realizadas con produtos lácteos da coñecida marca galega e que posteriormente degustamos.

## Ano 1985

### Festas Patronais da Estrada

A comezos de 1985, o concello da Estrada convocou as agrupacións e asociacións locais para fácerense cargo da organización das festas patronais de San Paio. En maio quedou constituída a comisión de festas, presidida pola presidenta da Asociación de Amas de Casa, Noni Araújo. En representación da Sociedade Deportiva *Río Ulla*, o seu presidente Miguel Ramón de la Calle, pola Asociación de Fillos e Amigos da Estrada, Adolfo Carballo Picáns, e Jesús Leis Camba polo Centro de Iniciativas e Turismo (CIT) conformaron a comisión de festas dese ano.

Gustaríame lembrar como anécdota da reunión na que se nomeou esta comisión, na que estaban presentes o alcalde Manuel Reimón-dez Portela e o tenente de alcalde Antonio Garrido, ademais dos membros da comisión, anteriormente citados e outros integrantes das asociacións mencionadas, o feito seguinte: a presidenta da Asociación de Amas de Casa, Noni Araújo propuxo como condición imprescindible para aceptar o encargo do alcalde e o seu segundo o compromiso por parte destes para a organización dunha Feira do

Moble na Estrada, advertíndolles que non estaba disposta, un ano máis, a ver os mobles estradenses expostos na Feira de Mostras de Vilagarcía. En outubro dese mesmo ano, inaugurouse polo presidente da Xunta e o seu vicepresidente, Xerardo Fernández Albor e Xosé Luís Barreiro, a primeira Feira do Moble da Estrada.

Outra anécdota salientable daquela reunión foi o encomio do presidente da Sociedade Deportiva *Río Ulla*, Miguel de la Calle, a Noni Araújo pola proposta que acababa de facer ao alcalde. Anos despois, ambos lembraban nunha entrevista radiofónica realizada en Onda Cero, aquela iniciativa, sendo precisamente nese momento Miguel Ramón de la Calle o presidente da Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada, actual organizadora da Feira do Moble de Galicia que xa vai pola súa 33ª edición.

Tamén é de agradecer a imprescindible colaboración de Josefina Neira Chao e de María Regina Fernández Rodríguez, en representación da Asociación de Amas de Casa.

#### Día Provincial da Asociación de Amas de Casa *Rías Baixas*

O 23 de xuño de 1985 tivo lugar na Estrada a celebración do Día Provincial da Asociación de Amas de Casa *Rías Baixas* de Pontevedra, da que eramos filial. Os actos comezaron coa celebración dunha misa e unha ofrenda floral a san Paio, patrón da Estrada. No concello houbo unha recepción ás asistentes, saudadas polo Sr. alcalde Manuel Reimóndez Portela. Posteriormente celebrouse un xantar de confraternidade. A continuación, nos actos da tarde, programouse unha visita ao pazo de Oca, onde gozamos da beleza dos seus xardíns e estanques. E grazas ás amables xestións do Sr. Alcalde cos duques de Medinaceli, de forma excepcional, foi posible admirar a beleza do seu interior.

#### Ano 1990

Festival benéfico para axudar unha familia polo incendio da súa casa

O 15 de decembro de 1989 tivo lugar un incendio nunha casa da rúa Capitán Bernal da Estrada, quedando o edificio moi danado. Nese



1985 Día Provincial Asociación A. C. Rías Baixas. Recepción no Concello.

momento, habitáboo unha familia recentemente chegada de Bos Aires. A Asociación decidiu axudar estes veciños, aos que a fatalidade causara un gran prexuízo. Os esforzos realizados neste sentido, tiveron o seu froito coa celebración dun festival benéfico o día 16 de febreiro de 1990, na sala Lennon da Estrada. Cómpre salientar que, entre as numerosas actividades que se organizaron, realizouse unha rifa dun cadro amablemente doado polo pintor vigués Anxo Lemos, residente na Estrada, así como o sorteo de múltiples obxectos doados polos comerciantes estradenses. Tamén colaborou desinteresadamente o grupo de música La Señal e escenificouse unha obra de teatro escrita e dirixida polo profesor Olimpio Arca Caldas e interpretada polos seus alumnos do colexio de Couso. Foi un grande éxito de asistencia, recadándose un diñeiro moi necesario para a familia afectada.

## Ano 1993

### Festa do Salmón

O Concello da Estrada, a través do seu alcalde Ramón Campos solicitou, a comezos do ano 1993, a colaboración da Asociación de Amas de Casa para reactivar a Festa do Salmón que, debido ao alto prezo do produto, restáballe popularidade fronte a outras festas gastronómicas.

Constituíuse un amplo comité organizador formado polo Concello, a Asociación de Amas de Casa e un nutrido grupo de bares e restaurantes involucrados na dinamización da festa.

Froito desta colaboración, a Asociación propuxo a organización de degustacións populares, ofrecendo distintas elaboracións a prezos asequibles. A Asociación fíxose cargo da súa organización nos primeiros anos que se celebraron. Foron montadas carpas a cargo do Concello, onde se deron a coñecer, con grande éxito de asistencia, as receitas preparadas por distintos restaurantes do municipio. Organizouse un concurso de receitas inéditas de salmón, para buscar novas fórmulas de preparación do noso rei do río Ulla. Tamén se promoveu o concurso de tapas de salmón, no que participaron activamente os restaurantes locais, sendo valorados polo público asistente e por un xurado de expertos. Tamén se repartiu publicidade entre as asociacións de Amas de Casa de toda Galicia mediante o envío de dípticos co programa dos festexos.

Non se pode falar da Festa do Salmón sen mencionar a Nieves Feros Sangiao, que nos deixou para sempre en datas recentes (12 de xuño de 2020, DEP). Cociñeira de dilatada traxectoria no seu paso polos fogóns de entidades públicas e restaurantes locais, impartiu os cursos de cociña que se celebraban na Asociación de Amas de Casa con grande éxito de asistencia. Gañadora do primeiro premio no 1º Concurso de receitas inéditas de salmón, celebrado en 1993, repetiu primeiro posto en 1994 e conseguiu o terceiro posto en 1995. Na edición da Festa do Salmón de 1999, a Asociación de Amas de Casa propuxo o obsequio dun libro de receitas aos asistentes da cea oficial. Desta maneira, ofrecémoslle á nosa querida Nieves, coñecedora de innumerables receitas deste saboroso manxar do Ulla, a publicación dun libro. Así naceu o seu primeiro libro de receitas: *O salmón en galego. 100 maneiras de prepara-lo salmón*.

## Ano 2000

### Galardón Avelina Valladares

A finais do ano 2000, a Asociación decide crear un evento no que se realiza unha homenaxe a persoas creadoras e transmisoras da cultura

Galega, culminando coa entrega dunha insignia de ouro que leva as iniciais da nosa poetisa estradense.

O 9 de febreiro de 2001 ten lugar no Hotel Milano da Estrada, a entrega do primeiro galardón á familia de Avelina Valladares. En lugar da insignia, entregóuselles unha placa conmemorativa desta primeira celebración. Con este acto quíxose expresar o agradecemento sen límites á familia de Avelina, por permitir o acceso de Xosé Luna á biblioteca do Pazo de Vilancosta, que frutificou na publicación da súa fermosísima obra: *Ond'o sol facheaba ó amanecer: vida e obra da cantora da Ulla Avelina Valladares Núñez*.

O 7 de xuño de 2002 ás 20:00h tivo lugar no Teatro Principal da Estrada, a segunda edición destes galardóns, facendo entrega deles ás irmás Carmen e María Luisa Valdés e, a título póstumo, a Carlos Fernández Pazo. Eles foron os principais intérpretes da música en vivo que puidemos gozar os estradenses entre os anos 1940 e 1960. María Luisa, elegante intérprete do violín, acompañada ao piano da súa irmá Carmen, deleitábanos con fermosas pezas de música clásica en diversos actos litúrxicos celebrados na nosa igrexa. Dignas sucesoras do seu pai, don Luís Valdés, primeiro director da Banda de Música da Estrada, deron clase de música a multitude de estradenses, contribuindo ao auxe da cultura no noso pobo. María Luisa foi fundadora da Masa Coral estradense. E que dicir de Carlos Fernández: pianista e compositor de belas obras que tamén interpretaba na nosa igrexa parroquial.

O evento organizado contou cunha interpretación de obras clásicas a cargo da Orquestra de Alumnos do Conservatorio da Estrada e tamén coa maxistral actuación da Coral Polifónica da Estrada, digna sucesora da Masa Coral fundada por María Luisa.

O 5 de xuño de 2004 ás 20:00h celebrouse no Teatro Principal da Estrada a terceira edición, sendo os galardoados Xosé Lueiro e Javier Comesaña pola súa grande achega no ámbito da música e das letras. A celebración, como exaltación da nosa cultura local, contou coa actuación maxistral da Coral Polifónica estradense, baixo a batuta do seu director Javier Comesaña e da compañía de teatro *Os Tirinautas*, que interpretou fragmentos curtos de varias obras, en homenaxe ao seu director, Xosé Lueiro. Cómpre resaltar que previamente á

concesión deste galardón, a obra de teatro *Ensalada de mosquito*, escrita e dirixida por Xosé Lueiro e interpretada por *Os Tirinautas*, fora un éxito de público sen precedentes na historia do noso pobo, alcanzándose doce representacións con cheo absoluto. Tamén, en xira por Galicia, logrou alcanzar as trinta representacións, todas elas moi encomiadas e con grande afluencia de espectadores. Debe dicirse de Xosé Lueiro que, ademais de gran dramaturgo e poeta, tamén cultivou a faceta de músico e compositor, sendo integrante do grupo de música La Señal, escribindo e interpretando a maior parte dos temas.

Javier Comesaña, á parte de director do Conservatorio Profesional da Estrada e da Escola de Música, tamén foi director da Banda de Música da Estrada, abandonando recentemente o cargo. Tamén é director da Coral Polifónica estradense e foi fundador da Nova Orquestra de Cámara do Conservatorio. É o referente actual e máximo expoñente da música no noso pobo.

O 12 de marzo de 2005 ás 20:00h nos locais do Recreo Cultural da Estrada, organizouse a entrega dos galardóns correspondentes á cuarta edición. Os galardoados foron os irmáns Xoán e Francisco Rubia Alejos, César Gómez Buxán e Juan Andrés Fernández Castro. Previamente, ás seis da tarde celebrouse unha recepción no Pazo de Oca, coa organización dunha visita guiada aos seus fermosos xardíns. Na entrega dos premios tivo lugar a actuación do grupo de cámara de metais Santa Cecilia.

Xoán Rubia Alejos, músico cantautor e escritor nado en Mugar dos, colaborador con diversos medios xornalísticos da comarca de Ferrolterra e difusor da cultura galega, colaborou coa Asociación de Amas de Casa para traer ao noso pobo a exposición *Galicia en Foco*, reflexo da realidade galega. Tamén impartiu na sala Sargadelos da Estrada a conferencia *Evolución da música galega dende a Idade Media*, deleitándonos á súa conclusión co concerto *Música para os poetas* da súa propia autoría.

Francisco Rubia Alejos e César Gómez Buxán, historiadores e xenealoxistas da comarca do Deza, son académicos da Real Academia Matritense de Heráldica e Xenealoxía, ademais de coautores de traballos de investigación e libros tan interesantes como *Pazos*

y *moradas hidalgas del Deza*. Colaboraron desinteresadamente coa Asociación en incontables ocasións, impartindo numerosas charlas e conferencias sobre a historia da nosa comarca.

Juan Andrés Fernández Castro, doutor en Historia pola Universidade de Santiago de Compostela, historiador e investigador centrado na historia da Estrada, é o actual director do Museo *Reimóndez Portela*. Colaborou estreitamente coa Asociación de Amas de Casa, impartindo numerosas charlas e conferencias abertas a todo o público, no afán de difundir o coñecemento e a cultura do noso pobo, entre elas *Nacer, vivir y morir en A Estrada de 1750*, *Fuentes para el estudio de la Historia de A Estrada* y *La fotografía como fuente histórica* son interesantísimos exemplos do seu amplo coñecemento, do que podemos gozar nestes actos.

O 3 de xuño de 2006 ás 20:00h, celebrouse no Teatro Principal da Estrada a quinta edición do galardón *Avelina Valladares*, recaendo o premio na ex presidenta da Asociación de Amas de Casa *Avelina Valladares* Noni Araújo, polo seu labor realizado durante os 22 anos que estivo á fronte desta asociación. Tras as cálidas palabras de agradecemento da presidenta Marisé García Hermida, Noni Araújo expresou que este galardón recibíao ela pero que, en realidade «es de mi pueblo, de la gente que me ayudó».

Tivo lugar neste emotivo acto de homenaxe, a sempre impecable actuación da Coral Polifónica estradense, así como a actuación maxistral do actor estradense Gonzalo Valcárcel no seu monólogo *Sobre os males que produce o tabaco*, de Anton Chékhov, dirixido por Anabel Gago.

Manifesto o meu agradecemento a Valentín García Gómez pola súa inestimable e imprescindible colaboración no desenvolvemento destes actos, facendo unhas brillantes e emotivas presentacións que puxeron en valor as calidades e os méritos dos galardoados nestes eventos.

## Ano 2004

Asistencia nun caso de violencia de xénero

O xoves 7 de maio de 2004 tivo lugar a detención dunha veciña estradense no seu posto de traballo, tras negarse a entregar o seu fillo

de 19 meses ao pai da criatura. Nos días previos, recibira ameazas de morte por parte do seu marido, que vulneraba repetidamente a orde de afastamento que lle impoñían polo seu carácter violento. Esta desgraciada situación tivo unha gran repercusión mediática, chegando a ser noticia en numerosos medios de comunicación de ámbito nacional. A continuación, relátanse os feitos acaecidos nese día e nos que viñeron a continuación, sobre a resolución deste grave problema.

Xoves 7 de maio ás 12:30h. Un grupo de veciños da Rúa Ulla, onde traballaba a muller ameazada, achégase ao Instituto García Barros, solicitando a axuda da presidenta da Asociación de Amas de casa Noni Araújo, que se atopaba impartindo clase nese momento. Infórmana de que unha moza acaba de ser detida no seu lugar de traballo. Noni Araújo transmítelles tranquilidade, coa esperanza de que pronto poidan liberar a esta rapaza por tratarse dun malentendido.

15:00h. Á chegada ao seu domicilio procedente do traballo, Noni Araújo recibe a chamada telefónica destes veciños, que piden unha reunión urxente para falar do problema. Ás 15:30h ten lugar dita reunión nos locais da Asociación, onde se expón a situación actual da muller.

16:00h. Chegada da moza estradense aos locais da Asociación, tras a súa posta en liberdade.

18:00h. Noni Araújo fai unha chamada telefónica á xuíza estradense Catina Sanmartín Carbón para pedirlle asesoramento no problema. Ante a dramática situación que se lle expuxo, aconsella levar a nai e fillo a unha casa de acollida, debendo ser trasladada pola Garda Civil para salvagardar o segredo da súa localización e o anonimato de ambos.

20:00h. Trasládase a muller ao cuartel da Garda Civil. Noni Araújo déixaa, acompañada de M<sup>a</sup> Ángeles Gil Sotres e da súa xefa Pura Caramés, mentres vai buscar o fillo que se atopaba coa súa avoa materna. Espérase con ela nas dependencias do cuartel ata a chegada dun vehículo da Benemérita que levará a nai e fillo a un destino seguro. A moza recibe unha chamada do seu ex-marido e a Garda Civil anímaa a que conteste para que todos os alí presentes sexamos testemuñas das ameazas de morte que está a recibir.



Venres 8 de maio ás 06:00h. A xefa da rapaza comunica á presidenta das Amas de Casa que no centro de acollida prevén a pronta absolución sen cargos por parte do xuíz que leva o seu caso. Dúas horas máis tarde (08:00h), volve informar a Noni Araújo de que a xove nai está obrigada a declarar no xulgado durante a mañá do venres. A presidenta das Amas de Casa ponse en contacto cos membros da directiva e convócaos para unha mobilización solidaria diante do xulgado.

11:00h-22:00h. Un numeroso grupo de mulleres, veciños e familiares da vítima concéntrase diante do xulgado para interceder pola nai ameazada. Os medios de comunicación interésanse polo caso. Noni Araújo, ao ser requirida pola prensa, atende ás súas preguntas. Ás 22:00h abandónanse as proximidades do xulgado tras o fallo absolutorio do xuíz que, ademais, impuxo unha orde de afastamento máis estrita e a organización de visitas paternas vixiadas nun centro oficial da Xunta.

Luns 11 de maio. Reunión da Asociación de Amas de Casa con avogados, psicólogos e representantes do Centro Municipal da Muller para buscar unha solución a estes casos.

Con posterioridade, celebrouse unha charla-coloquio impartida por unha xuíz, un avogado e un representante da Garda Civil, na que se expuxeron as pautas a seguir nos casos de violencia de xénero.

## Charlas e conferencias

Son tan numerosas as charlas e conferencias organizadas durante o período 1983-2005 ao que se refire este artigo, que unicamente se fará unha breve relación daquelas consideradas máis relevantes, a xuízo da autora.

- 1986 Charlas sobre produtos de alimentación. Información para o consumidor.
- 1987 Charlas sobre educación vial.
- 1993 Conferencia sobre *Muller e participación* a cargo da directora do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, María Fernanda Pardo Pedernera.
- 1994 Mesa redonda *Pasado, presente y futuro del turismo rural*.

- 1994 Conferencia no Día Internacional do Consumidor.
- 1994 Día da Ama de Casa: presentación do libro de cociña *Receitas de Lina* de Lina Varela, presentado por Araceli Filgueira.
- 1994 Charlas sobre turismo rural.
- 1995 Conferencia sobre anorexia.
- 1995 Conferencia sobre o plan de residuos sólidos e urbanos.
- 1995 Ciclo de conferencias *Los productos de Unión-Fenosa*.
- 1995 Ciclo de conferencias (3 semanas) sobre as plantas no concello.
- 2001 Xornada Técnica sobre Cooperativismo:  
*Apoyo y animación a la creación de cooperativas.*  
*Una experiencia en la canalización de iniciativas de desarrollo local.*  
*El plan Leader: un proyecto de desarrollo territorial.*
- 2002 Xornadas sobre inmigración e retornados (Departamento de Servizos Sociais).
- 2003 Charla *A tarxeta como medio de pagamento.*
- 2004 Mesa redonda *Qué prestaciones ofrecen las entidades bancarias.*
- 2004 Conferencia *Los seguros bancarios y el grado de satisfacción de los consumidores.*
- 2004 Eventos relacionados coa exposición *Galicia en Foco.*

### **Oficina de Información ao Consumidor**

En abril de 1991 comezou a súa actividade a Oficina de Información ao Consumidor, onde se proporciona axuda aos estradenses e a todos aqueles visitantes ocasionais que se atopen de paso, sobre os problemas que puidesen ter con calquera tipo de actividade económica e comercial desenvolvida na Estrada. Desde os seus inicios tramitáronse multitude de queixas e reclamacións, sendo as máis frecuentes aquelas relacionadas co ámbito telefónico, a vivenda, o automóbil e a alimentación. Ofrecéronse numerosas charlas informativas sobre alugueiros de pisos, tarifas eléctricas, contas de aforro, etc.

## Colaboración con outras institucións

A continuación enuméranse as principais actividades realizadas en colaboración con institucións e entidades de ámbito local, autonómico e estatal.

### Concello da Estrada

- 1985 Festas Patronais da Estrada.
- 1986 Traída dos restos mortais de Virxinia Pereira e o seu fillo.
- 1993-2002 Festas do Salmón.
- 1997 Premio de poesía Avelina Valladares.
- 2002 Xornadas sobre inmigración e retornados (Departamento de Servizos Sociais).
- 1995 Conferencia sobre anorexia.
- 2000 Curso de primeiros auxilios, impartido por persoal de Protección Civil.
- 2004 Exposición *Galicia en Foco*.
- 2004 Xornadas de Sensibilización e información de recursos para la población en situaciones de violencia de género.

### Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada: Feira do Moble

- 1993-2005. Stand da Asociación na Feira. Día da Ama de Casa.
- 1993 Exposición de Arte Sacro da Comarca da Estrada con motivo do Ano Xacobeo 1993.
- 1994 Día da ama de casa: presentación do libro de cociña *Recetas de Lina* de Lina Varela, presentado por Araceli Filgueira.
- 1994 Mesa redonda Pasado, presente y futuro del turismo rural.
- 2001 Xornada Técnica sobre Cooperativismo:  
*Apoyo y animación a la creación de cooperativas.*  
*Una experiencia en la canalización de iniciativas de desarrollo local.*  
*El plan Leader: un proyecto de desarrollo territorial.*



Feira do Moble. Visita do presidente da Xunta ao stand das Amas de Casa no día inaugural. De esquerda a dereita: Ramón Campos Durán, Manuel Fraga Iribarne, Noni Araújo e Margarita Rodrigo Alegre.

### **Asociación de Fillos e Amigos da Estrada**

- 1984 Celebración do 50 aniversario do Instituto da Estrada.
- 1985 Actos do Día das Letras Galegas (17 de maio) dedicado a Antón Losada Diéguez.
- 1986 Traída dos restos mortais de Virxinia Pereira e o seu fillo.

### **Centro Cultural del Partido de La Estrada en Buenos Aires**

- 1986 Traída dos restos mortais de Virxinia Pereira e o seu fillo.
- 1986 Traslado dos mobles do dormitorio de Virxinia e Castelao de Bos Aires á Estrada.

### **Deputación de Pontevedra**

- 1999-2001 Curso de restauración de mobles.
- 2000 Ampliación do curso de restauración de mobles.

### **Asociación de mulleres rurais *A Peregrina***

- 2000-2006 Galardóns Avelina Valladares.

## Unión de Consumidores Europeos de Galicia

EUROCONSUMO GALICIA

2000-2006. Galardóns Avelina Valladares.

## Museo Manuel Reimóndez Portela

- 1986 Recepción dos mobles do dormitorio de Castelao e Virxinia.  
 2004 Ciclo de conferencias: *Nacer, vivir y morir en A Estrada de 1750, Fuentes para el estudio de la Historia de A Estrada e La fotografía como fuente histórica impartidas por Juan Andrés Fernández Castro, director do Museo Manuel Reimóndez Portela.*

## Xunta de Galicia

CONSELLERÍA DE FAMILIA MULLER E XUVENTUDE

- 1992 1994-95 Cursos de azafatas de congresos.  
 1992 Curso de deseño e moda.  
 1993 1994 Curso de encadernación.  
 1993 Curso de xardinería.  
 1993 Conferencia sobre *Muller e participación* a cargo da directora do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, María Fernanda Pardo Pedernera.  
 1993-2005 Cursos de informática.  
 1994 Curso de administrativo.  
 1994 Curso de xardinería.  
 1994 Curso de viverista de plantas de interior.  
 1994-1999 Curso de auxiliar de enfermería, especialidade en xeriatria.  
 1994 Curso de tapicería.  
 1996 Curso de emprendedor turístico.  
 2003 Charla *A tarxeta como medio de pagamento.*  
 2003. Curso de ofimática.  
 2005 Curso técnico de audiovisuais.
- CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
- 1985-2005 Curso de iniciación á lingua galega.  
 1993-2005 Curso de perfeccionamento da lingua galega.

#### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- 198 Charlas sobre produtos de alimentación. Información para o consumidor.
- 198 Charlas sobre educación vial.
- 1992 Curso de xestión e informatización de empresas e de idiomas con aplicacións laborais.
- 1994 Conferencia no Día Internacional do Consumidor.
- 2004 Mesa redonda *Qué prestacións ofrecen las entidades bancarias.*
- 2004 Conferencia *Los seguros bancarios y el grado de satisfacción de los consumidores.*
- 2004 Creación dunha marca de artesanía, con produtos propios das asociadas e auspiciado pola Consellería.

#### CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES

- 1995 Conferencia sobre o *Plan de residuos sólidos e urbanos.*

#### Recreo Cultural

- 1995 Curso de baile de salón.
- 2004 Eventos relacionados coa exposición *Galicia en Foco.*

#### Unión Eléctrica-Fenosa

- 1985 Curso de electricidade.
- 1995 Ciclo de Conferencias *Los productos de Unión-Fenosa.*

#### Caixanova (aula de cultura)

- 1995 Ciclo de conferencias (3 semanas) sobre as plantas no concello.
- 2004 Exposición *Galicia en Foco.*

#### **Traída dos restos mortais de Virxinia Pereira e o seu fillo (1986)**

Aínda que este acto debería encadrarse dentro da categoría de actos sociais realizados pola Asociación, a autora deste artigo permítese a licenza de finalizalo relatando este evento, polo especial significado e relevancia que supuxo para ela. Tamén pide desculpas por continuar o relato en primeira persoa, ao ser amiga persoal de Virxinia. En realidade, a celebración deste acto, foi a culminación dun anhelado persoal meu por cumprir o desexo dunha amiga: estar á beira dos



Virxinia Pereira Renda.

seus dous seres máis queridos: o seu marido e o seu fillo. E aínda que podería ser o tema dun artigo independente, pareceume oportuno relatalo aquí, pois debo recoñecer que todo o que vou contar tería sido imposible sen a participación da Asociación de Amas de Casa e Consumidores da Estrada *Avelina Valladares*: un cohesionado grupo de mulleres loitadoras do noso pobo ás que lles debo este tributo e un infinito agradecemento pola súa amizade, apoio e agarimo sen límites. Así pois, procedo a contar esta breve historia.

## De como coñecín a Virxinia

Virxinia pasaba os veráns na Estrada na casa da viúva do seu irmán Anxo, Herminia Agulló, curmá da miña sogra. Todos os veráns, desde o ano 1965 ata 1969, ano do seu falecemento, viaxaba de Bos Aires a Madrid, recollía a súa cuñada e viñan para A Estrada. Eran dous meses de verán nos que eu gozaba da súa compañía. Logo volvía a Bos Aires para estar á beira do seu marido. Pero o destino separounos en 1969 cando, fronte á súa casa da Estrada, sufriu un accidente que acabou causándolle a morte. Foi trasladada á Clínica Ruber de Madrid, onde faleceu o 23 de decembro de 1969. No atropelo sufrido fronte á súa casa por unha bicicleta, Virxinia díxolle á nena que a conducía: *Filliña, has firmado mi sentencia de muerte*. Este trágico suceso fixo que a miña amiga non puidese cumprir o desexo que o seu marido lle expresara en Bos Aires: *Non me deixes aquí, lévame contigo á Terra*.

Era Virxinia, unha muller esvelta, delgada, áxil, co seu pelo peiteado cara atrás, os ollos doces e intelixentes. Vestía traxes de cardifños malvas e brancos e os seus taconciños. Muller digna onde as haxa, non falaba mal de nada nin de ninguén. A súa misa diaria de 8 na nosa igrexa parroquial, a súa compra na praza de abastos. Nas tardes estivais, que pasaba na nosa casa, falaba como unha persoa nova, vital. Contaba como se consolaban ela e o seu marido pola morte do seu único fillo, dicindo: «Morreu agarimado polo amor dos seus pais e non esnaquizado polas bombas fraticidas». De como ela lle facía a Castelao uns cartóns cun buratiño no centro para poder pintar. Que desde a súa morte, non podía compartir a habitación con ninguén «son unha repugnante, a ver que piso é tan amplo para ter unha habitación só para min». Na casa de Herminia, tiña a súa propia habitación. Con gran naturalidade e asumindo resignada a súa situación, confesoume en varias ocasións: «Daniel en Bos Aires, o meu pibe en Vigo e eu, onde Deus queira». En fin, múltiples conversacións nas que se intercalaban as vivencias diarias con comentarios de actualidade e os valiosísimos recordos de feitos de gran calado histórico, que experimentou conxuntamente co seu marido e que convertían aquelas tardes de verán nunhas veladas íntimas e apaixonantes.



Cando chegaba á Estrada visitaba, ano tras ano, as súas cuñadas en Rianxo e ao seu Alfonso Xesús, sepultado en Vigo. Lembro o verán en que, convidadas por Isaac Díaz Pardo, regaloulles un xogo de café do Castro a ela e á súa cuñada Herminia. Ao Museo de Pontevedra, do que Castelao foi membro fundador, levaba lentes, fundas, plumas, todas elas pertencentes ao seu marido. Tamén organizabamos excursións a distintos lugares. Comiamos en Bandeira, en casa dos meus sogros e logo iámonos a visitar os lugares familiares da miña sogra e da súa curmá Herminia: Casas de Anzo e do Cello, o Pazo da Pena, etc. Dos nosos paseos pola Estrada, miraba con agarimo e morriña a súa casa de Pérez Viondi, que mesmo ía ver ela soa en incontables ocasións, a derradeira, con desgraciadas consecuencias.

Mais con todo, suspiro por ter tan decoroso intre, coa ilusión de xuntar entón os dous anacos desprendidos do meu corazón, e respirar por fin tranquila sabendo que pai e fillo repousan xuntos acá e Alá. Xa despois... que Dios dispoña de min.

Estas palabras son recollidas dunha carta que Virxinia escribiu a Otero Pedrayo e que extraio dun artigo de Xesús Alonso Montero que se publicou en *A Estrada. Miscelánea Histórica e Cultural* núm. 15 (ano 2012), páxinas 127-150. Nunca lle pagarei a Xesús que me dedicase o seu traballo, pois á honra e gratitude que lle debo por este feito, ademais reflicte nas súas amables palabras a realidade que se vivía naquela época:

Xenerosa estradense que axudou con agarimo e eficacia a dona Virxinia en datas nas que escaseaban os apoios e a comprensión.

Lendo estas cartas no artigo de Xesús, quedei feliz ao comprobar o profundamente que a coñecía, reconfortándome por cumprir os desexos da miña amiga. Sei que Alfonso Daniel e Virxinia co seu fillo pódense tocar desde os seus descansos eternos do cemiterio da Estrada e do Panteón dos Galegos Ilustres de Santiago.

## Dos preparativos previos

Aproveitando que en 1986 celebrábase o centenario do nacemento de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, vimos a oportunidade de traer para o noso pobo a súa muller e fillo. Acudimos ao Concello

para expoñer a nosa idea e solicitar a súa colaboración nesta tarefa. Naquel momento, o alcalde Reimóndez Portela (PP), que gobernaba conxuntamente co PSOE, pedíume en reiteradas ocasións que falase á Corporación Municipal da miña querida amiga, porque había dúbidas e reticencias nalgúns dos seus membros sobre o amor que Virxinia profesaba ao seu marido, pois considerábase unha burguesa. Indiqueilles, ante estas dúbidas que me expuña, que «si fuese burguesa y no amase a su marido, no saldría con él en su exilio». Faleilles da súa sinxeleza, a súa bondade, de que non se queixaba xamais, nin falaba mal de ninguén a pesar das penurias e desprezos que sufriu: era unha persoa excepcional.

Froito destas conversacións co Concello, xurdiu o compromiso de construír unha sepultura que aloxase os restos de Virxinia e o seu fillo Afonso Xesús. A Asociación de Amas de Casa tamén solicitou a colaboración doutras asociacións vinculadas ao pobo da Estrada, dando como resultado a creación dunha comisión formada polo alcalde da Estrada, Manuel Reimóndez Portela, o presidente do Centro Galego de Madrid, José Antonio Cimadevila Covelo, o voceiro da familia Alfonso Fidalgo Pereira, o presidente de Fillos e Amigos da Estrada, Alfonso Varela Durán e a presidenta da Asociación de Amas de Casa e membro da directiva de Fillos e Amigos, Noni Araújo. Desde a distancia, tamén se contou co enorme interese e colaboración do Centro Cultural del Partido de La Estrada en Buenos Aires. Organizáronse unha serie de reunións preparatorias para a realización do acto. Nunha delas, anotei unhas palabras claves que naquel momento pasaron desapercibidas para a maioría dos alí reunidos: José Lauroba, familiar de Virxinia, contounos que parte dos restos do neno Afonso estaban no cemiterio da Estrada. «Parte del niño está en A Estrada», esas foron as súas palabras exactas.

Para realizar as xestións burocráticas que permitisen o traslado dos corpos, o portavoz da familia, Alfonso Fidalgo, pedíume encarecidamente que me encargase de realizar todos os trámites necesarios. Ofrecínome con gran ilusión a este traballo, séndome outorgado un poder para representar a familia.

## Dos eventos organizados

Celebráronse unha serie de reunións para acordar os actos a realizar, que foron os seguintes:

XOVES, 16 DE OUTUBRO DE 1986:

17:00h. Recollida de parte dos restos de Afonso Xesús Rodríguez Pereira no cemiterio de Pereiró de Vigo.

VENRES, 17 DE OUTUBRO DE 1986:

10:00h. Recollida de parte dos restos de Afonso Xesús Rodríguez Pereira no Cemiterio da Estrada.

12:00h. Funeral por Virxinia Pereira, na capela do cemiterio da Almudena de Madrid.

SÁBADO, 18 DE OUTUBRO DE 1986:

10:00h. Constitución da capela ardente cos restos de Virxinia, na planta baixa do Concello.

12:00h. Unificación dos restos mortais de Afonso Xesús, recollidos nos cemiterios de Pereiró e da Estrada.

15:00h. Traslado dos restos de Afonso Xesús á capela ardente do Concello onde lle esperaban os de súa nai Virxinia.

DOMINGO, 19 DE OUTUBRO DE 1986:

10:00h. Recepción de 300 representantes das asociacións de amas de casa de toda Galicia.

11:30h. Descubrimento de placa conmemorativa na casa familiar de Virxinia Pereira.

12:00h. Pleno extraordinario para nomear a Alfonso Daniel Rodríguez Castelao fillo adoptivo da Estrada.

13:30. Representación da obra de teatro de Castelao *Os vellos non deben de namorarse*.

14:00h. Xantar de celebración do Día Rexional da Ama de Casa en Galicia.

16:30h. Recepción oficial dos restos de Virxinia e o seu fillo no Concello da Estrada.

17:00h. Funeral polo eterno descanso de Virxinia e Afonso Xesús, oficiado por monseñor Araújo, coa actuación do Orfeón *Terra a Nosa*.

18:00h. Enterro no Cemiterio parroquial de Figueroa.

19:30h. Mesa redonda sobre Castelao e Virxinia na súa relación coa Estrada.

## De como discorreron os acontecementos

O xoves 16 de outubro ás 13:00 h, achégome ao Concello coa documentación necesaria para realizar a recollida dos restos de Afonso Xesús, no cemiterio de Pereiró de Vigo. Reúnome co alcalde Reimóndez Portela e co xefe da Policía Local, José Luis Loureiro. Ambos coméntanme a súa imposibilidade para trasladarse a Vigo, ofrecéndome eu inmediatamente para a realización da viaxe e quedando eles moi agradecidos. A continuación, ao saír da reunión, compro seis bandeiras de Galicia para envolver os restos. Chamo a Maximino Sanmartín Sobrino, que residía en Vigo, para pedirlle que nos fixese unhas fotos en lembranza do momento. Ás 15:00h imos a Vigo nun taxi Xosefa Varela Pazo, Angelines González Victorio, Gloria Barreiro Sangiao, Amparo Vila Pérez e Noni Araújo, a narradora desta historia. Uníronsenos outras estradenses que residían en Vigo: Terita Portas, Mavi Fernández-Nóvoa e Pilar Matalobos. Cal sería a nosa sorpresa, cando este acto improvisado, previsto inicialmente para as persoas que acabo de mencionar, cobra unha relevancia inesperada ao presentarse a prensa e a televisión para dar conta dos feitos. Sospeito, con gran agradecemento pola miña banda, que Maximino Sanmartín foi o *culpable* de que este momento quedara inmortalizado para sempre. Ao sacar os restos do cinceiro onde estaban situados, o sepultureiro pregúntame pola idade e a causa da morte do neno. Eu respóndolle que morreu con 14 anos debido a unha pneumonía. O bo home contéstame que non é posible, que o peso da caixa é moi inferior ao que terían os restos dun neno desa idade. Nese momento, lembro as palabras de José Lauroba: «Parte del niño está en A Estrada». Inmediatamente, coméntollo a Xosefa Pepa Varela, que ao día seguinte se dispón a localizar e recoller os restos de Afonso Xesús que xa estaban no noso pobo. Envolvemos os restos en tres bandeiras de Galicia e levámoslos cara ao encontro definitivo coa súa nai.

O venres 17 de outubro ten lugar a recollida dos restos de Virxinia no cemiterio da Almudena. Á primeira hora, desprazámonos a Madrid en avión, María Luisa Blasco, secretaria da Asociación de Amas de Casa *Rías Baixas* de Pontevedra e Noni Araújo. O alcal-



16.10.1986. Cemiterio de Pereiró. Retirada dos restos de Afonso Xesús do panteón da familia Pereira.



Asistentes ao acto de recollida dos restos de Afonso Xesús en Vigo.  
De esquerda a dereita e de abaixo a enriba: FILA 1: Xosefa (Pepa) Varela Pazo, Noni Araújo, Angelines González Víctorio, Pilar Matalobos e Gloria Barreiro Sangiao.  
FILA 2: Terita Portas Varela, Mavi Fernández-Nóvoa e Amparo Vila Pérez.

de Manuel Reimóndez desprazouse en coche, acompañado doutros membros da Corporación Municipal para traer canda eles a Virxinia. Ás 12:00h asistimos ao funeral programado no propio cemiterio. Pouco antes de celebrar a misa, ao non dispoñer dunha bandeira que estaba prevista para este evento, cubro o seu féretro con tres bandeiras de Galicia, como fixera horas antes cos restos do seu fillo.

Simultaneamente na Estrada, Pepa Varela, Angelines González e outros membros da directiva de Amas de Casa, dirixíronse ao cemiterio parroquial para recoller os restos que faltaban de Afonso Xesús. Estaban no panteón da familia Pereira Renda.

O sábado 18 de outubro ás 10:00h, constituíuse a capela ardente cos restos de Virxinia traídos polo alcalde Manuel Reimóndez, que custodiara el mesmo na súa casa de San Miguel de Castro. Ás 12:00h uníronse os restos de Afonso Xesús, procedentes dos cemiterios de Pereiró en Vigo e de Figueroa na Estrada. Este acto tivo lugar na casa da vogal da directiva das Amas de Casa, Gloria Barreiro Sangiao que amablemente se ofreceu a custodialos. O alcalde Reimóndez Portela, na súa calidade de médico, participou activamente nesta tarefa, identificando e transvasando os restos da caixa de galletas á caixa de zinc procedente de Vigo. En ambas as caixas atopáronse adornos do traxe da primeira comunión, unha Virxe de Guadalupe de sobremesa e un craviño de prata con forma de coroa de espiñas co seu alfinete cheo de medallas. Todos eses recordos foron colocados co mesmo esmero e agarimo que os seus pais tiveran 58 anos atrás.

Unha vez unidos os restos, no meu coche, sobre as tres da tarde levamos Pepa Varela mais eu a Afonso Xesús ao Concello, onde lle esperaban os restos da súa nai. Mundo Blanco estaba firme na Praza do Concello, fronte á capela ardente. Pepa diríxese a el e dille: «Mundo, queres levar o fillo do mestre?» Mundo colle o neno nos seus brazos e Pepa vai mercar unha rosa, que bicamos os tres e depositamos no féretro que contén os restos de ambos. Xuntos para a eternidade. O seu soño, o soño de Virxinia foi cumprido.

O domingo 19 de outubro ás 10:00h ábrense os actos conmemorativos no Concello, coa recepción do alcalde á presidenta da Federación Galega de Amas de Casa, Begoña Bonet e a todas as asociacións de Galicia, alí presentes. Este día de homenaxe a Virxi-

nia, merecía o recoñecemento á súa persoa de todas as mulleres de Galicia. E por este motivo, solicitei a colaboración da nosa Federación que moi gustosamente accederon a celebrar o Día Rexional das Amas de Casa na Estrada, como tributo á nosa estradense ilustre.

A continuación, dirixímonos á casa de Virxinia para realizar a colocación da placa conmemorativa do traslado dos restos. Alí mesmo tivo lugar a actuación do grupo de baile da Asociación de Amas de Casa de Ribeira, que amablemente se ofreceu a enxalzar este evento con bailes típicos galegos e un fermosísimo vestuario de gala digno da ocasión.

Ás 12:00h nomeouse fillo adoptivo do Concello da Estrada a Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

Ás 13:30h tivo lugar a representación teatral por parte do grupo *Xenio* da obra *Se o sei non volvo á casa*, de Varela Buxán, en lugar da obra prevista inicialmente *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao.

Ás 14:30h tivo lugar o xantar con motivo do día Rexional do Ama de Casa á que asistiu un gran número de asociadas de toda Galicia. Grazas á benevolencia da nosa presidenta rexional, Begoña Bonet, a súa celebración na Estrada supuxo a homenaxe das mulleres de Galicia a Virxinia e o seu fillo. Asistiu a súa cuñada, Teresa Castelao. Tamén se uniron numerosas personalidades ilustres da cultura e as letras galegas que se achegaron á celebración dos actos deste domingo.

Ás 16:30h partiron da capela ardente do Concello os restos de Virxinia e Afonso, dirixíndose o cortexo fúnebre á igrexa parroquial onde tivo lugar o funeral polo seu eterno descanso, oficiado por Monseñor Araújo bispo de Mondoñedo-Ferrol. O Orfeón *Terra A Nosa* de Santiago de Compostela, coa súa maxistral interpretación de distintas obras, puxo o colofón a un acto tan emotivo.

Ás 18:00h, tivo lugar o enterro dos restos no cemiterio parroquial de Figueroa, nunha sepultura encargada expresamente polo concello. Cando vin a miña amiga e ao seu fillo no seu derradeiro descanso, dirixinme a ela e díxenlle: «Virxinia, misión cumprida!».

Ás 19:30h celebrouse unha mesa redonda no Colexio Público Pérez Viondi que versou sobre Alfonso Rodríguez Castelao e Virxi-



18.10.1986. Capela ardente dos restos de Virxinia e Afonso Xesús, escoltada polos nosos queridos policías municipais Nemesio e Ares.



18.10.1986. A Presidenta das Amas de Casa, membros da Directiva e socias ofrecendo unha sentida homenaxe a Virxinia e Afonso Xesús. De esquerda a dereita: Lita Fondevila Mato, Ares (policía municipal), Angelines González Víctorio, Pili Fernández, Noni Araújo e Ana María García Varela.





19.10.1986. Funeral polos restos de Virxinia Pereira e o seu fillo Afonso Xesús.

nia Pereira na súa relación coa Estrada. Participaron como relatores, entre outros, Xesús Alonso Montero, como escritor e grande erudito do galeguismo de inicios do século xx, e Xosefa Varela Pazos que, como membro do Partido Galeguista (do que o seu pai foi secretario de actas) gardaba moitos recordos de Castelao nas súas numerosas visitas á Estrada.

## Dos acontecementos posteriores ao 19 de Outubro

### Visita a Teresa Castelao

Aos tres días do enterro, fomos Pepa Varela mais eu a visitar a Teresa, estando ingresada no Hospital Provincial de Santiago. Puxémola ao corrente do que atopamos ao reunir os restos do seu sobriño Afonso Xesús. Falámoslle do clavillo con forma de coroa de espiñas, co seu alfinete cheo de medallas. Nese momento, cun berro de sorpresa, botou a man ao seu pescozo e ensinounos unha cadea de prata con medallas que ela e o seu sobriño intercambiaran a pedimento do neno, que lle dixera o seguinte: «Teresiña, eu douche a miña cadea e as miñas medallas e ti dásme as túas». A amizade que me brindou

desde esta anécdota que acabo de mencionar, foi un privilexio do que gocei ata o final dos seus días. Por iso é polo que tiven o atrevemento de pedirlle que fixese entrega da derradeira bandeira que cubriu os corpos de Virxinia e Afonso.

## Bandeiras


As bandeiras que envolveron os féretros de Virxinia e o seu fillo, tres cada un, foron cortadas ao medio e unidas: unha metade do neno con outra metade da nai. Ana María García Varela foi a encargada de realizar esta tarefa. O escudo de Galicia foi pintado pola nosa querida Beatriz Martínez Millarengo. Nun acto cheo de emoción, que tivo lugar no Recreo Cultural da Estrada e coa presenza de Teresa Castelao, entregáronse as bandeiras a diversas entidades colaboradoras. Unha delas entregouse ao Concello da Estrada. Outra, ao Centro Cultural del Partido de La Estrada en Buenos Aires. A terceira, ao Centro Galego de Madrid e a cuarta á Asociación de Hijos de La Estrada en Caracas. A quinta foi entregada ao Museo de Pontevedra nun acto realizado na *Sala Castelao* do devandito museo. A sexta foi para o Museo Reimóndez Portela, sendo realizada a entrega por Teresa Castelao no seu domicilio de Rianxo a Olimpio Arca Caldas, director do Museo naquel momento.

## Dormitorio de Castelao e Virxinia

O 27 de xuño de 1986 foron á miña casa, a ver a Procesión das Festas Patronais da Estrada, Sofía Vicente, Irene Pereira, a súa cuñada María e Lola Rey. Lola dime: «Mari Loli: ¿quieres el dormitorio de Virginia y Castelao?». Nese momento, sintome enormemente honrada polo ofrecemento que ela me fai, pero renuncio a favor dunha causa mellor e contéstolle: «Yo no, pero el pueblo de La Estrada, si». Inmediatamente, chamei aos queridos membros do Centro Cultural del Partido de La Estrada en Buenos Aires, que xa coñecía da miña viaxe a Bos Aires representando ao Concello da Estrada. Puxéronse rapidamente en contacto co fillo de Lola Rey e este, xenerosamente, dóao para o noso Museo. Todas as xestións do envío e os gastos foron asumidos polo devandito centro.



05.08.1987. Entrega de 4 bandeiras no Casino da Estrada.



1987. Entrega de bandeira ao Museo de Pontevedra. De esquerda a dereita: Xosé Fuentes Alende, José Fernando Filgueira Valverde, Carlos Valle Pérez, Angelines González Victorio, Gloria Barreiro Sangiao, Noni Araújo, ????, Rafael Fontoira Surís.

Aproveitando a exposición itinerante sobre Castela organizada pola Xunta de Galicia, no seu paso pola Estrada (decembro de 1986), incluíronse estes valiosos obxectos da historia de Galicia. Posteriormente pasarían a expoñerse nas dependencias do Museo Reimóndez Portela, onde continúan na actualidade.



15.10.1999 Entrega de bandeira ao Museo Reimóndez Portela da Estrada. Tere Vicente Pardo, Teresa Rodríguez Castelao e Olimpio Arca.



15.10.1999 Entrega de bandeira ao Museo Reimóndez Portela da Estrada. Noni Araújo, Teresa Rodríguez Castelao e Tere Vicente Pardo.

## Agradecementos pola súa colaboración nestes actos

- Ao Concello da Estrada e especialmente ao seu alcalde Manuel Reimóndez Portela polas numerosas xestións, desvelos e anécdotas que me constan, despois de tan estreita colaboración na realización deste evento.
- Á actual corporación municipal do Concello da Estrada presidida polo seu alcalde José Carlos López Campos que, desde o ano 2011 vén depositando un ramo de flores na tumba de Virxinia e o seu fillo, o día 1 de novembro.
- Á Federación Rexional de Amas de Casa, presidida por Begoña Bonet. Pola organización do Día Rexional do Ama de Casa na Estrada e a posta ao dispor de toda a súa infraestrutura para a realización desta xornada, foi un alicerce imprescindible que contribuíu ao éxito alcanzado.
- Á Asociación «Rías Baixas» de Pontevedra. Entre outras numerosas colaboracións, axudounos a sufragar os gastos do desprazamento a Madrid para recoller os restos de Virxinia.
- Á Asociación de Fillos e Amigos da Estrada, pola inestimable colaboración e entusiasmo do seu presidente, Alfonso Varela Durán.
- Ao Centro Galego de Madrid, por organizar os actos que tiveron lugar no Cemiterio da Almudena.
- A Javier Baltar, grande amigo da familia Castelao e de quen escribe estas liñas. Artífice da presenza de Teresa Castelao nos actos do domingo.
- A Maximino Sanmartín Sobrino, polo seu apoio e colaboración incondicional, así como polo seu interese en atraer a estes actos ao máis selecto da intelectualidade galega, da que forma parte e entre os que se atopaba Valentín Paz Andrade, amigo íntimo de Castelao.
- A Lola Rey e ao seu fillo Gumersindo Pereira, por doar os mobles do dormitorio de Castelao e Virxinia, utilizados durante a súa estancia en Bos Aires.
- Ao Centro Cultural del Partido de La Estrada en Buenos Aires, polo seu interese e a súa comunicación permanente en relación cos actos e por xestionar e custear o traslado dos mobles anteriormente citados, desde Bos Aires á Estrada.

- A todas as socias e membros da Directiva da Asociación de Amas de Casa da Estrada polo seu incansable esforzo e traballo realizado.
- A Manuel L. Sanmartín Durán, por contar estes feitos con gran rigor e detalle no seu libro *Historia da Asociación Fillos e Amigos da Estrada (1983-2015)*. ISBN 987-84-944483-7-9 publicado en versión Kindle Amazon en maio de 2016 e en segunda edición en 2020, ISBN 978-84-120874-7-5.

## Agradecementos

A Pepa Varela Pazo, *alma máter* da Asociación, secretaria da directiva e gran amiga. Escritora e poeta, membro do Partido Galeguista, testemuña de excepción de feitos históricos da primeira metade do século xx. Muller sabia coma poucas.

A todos os membros das directivas que tiveron a honra de presidir nos 22 anos que estiveron á fronte da Asociación.

A Valentín García Gómez, dende a súa dilatada traxectoria no Concello da Estrada, como presidente do Recreo Cultural da Estrada e actual Secretario Xeral de Política Lingüística. A súa inestimable colaboración como lingüista, como brillante presentador de innumerables actos culturais e o seu amable ofrecemento dos locais do Recreo Cultural para a organización de numerosos eventos, fai imprescindible esta mención e o agradecemento da Asociación de Amas de casa e o da súa amiga, Noni Araújo.

## Bibliografía

Hemeroteca de *La Voz de Galicia*: anos 1983 a 2006.





# Pioneros de la radio en A Estrada

Juan Pedro Pérez Pérez  
pedriman@gmail.com

**Resumen.** Se da cuenta de los orígenes de la radiodifusión en la villa de A Estrada, destacando la figura señera de Ángel Pereira Renda, hermano de Virxinia y cuñado de Castelao y su emisora EA1-BS. Fueron también nombres destacados en aquellos tiempos heroicos de la radio Antonio Fraguas, el profesor Arturo Rodríguez y José Docampo «Casagrande».

**Abstract.** This article is about the origins of broadcasting in A Estrada, with the remarkable and unique figure Ángel Pereira Renda, Virxinia's brother and Castelao's brother-in-law, and his EA1-BS radio station. Antonio Fraguas, Professor Arturo Rodríguez and José Docampo «Casagrande» were also distinguished figures in those heroic times for radio.

Entre los muchos méritos que se pueden atribuir a D. Antonio Fraguas Fraguas (Letras Gallegas, 2019) está el haber sido el primer locutor de radio en Galicia realizando esa locución en gallego.

El 15 de enero de 1933 Antonio Fraguas fue el elegido para que su voz sonase a través de las ondas del EAJ 4 Unión Radio Galicia desde Santiago de Compostela. Posiblemente lo consiguió por ser miembro del *Seminario de Estudos Galegos*, y de la *Liga Santiaguesa Pro-Estatuto* que era una organización muy interesada en tener a su servicio un medio de comunicación tan importante como la naciente Radio para la promoción del Estatuto de Autonomía.

Antonio Fraguas en una entrevista realizada en *O Correo Galego* en julio de 1994 relató las primeras palabras que se pudieron escuchar en *Radio Galicia* allá por enero de 1933.

Achegueime ao micrófono e comecei «Parranda Mariñeira» poema de Fermín Bouza Brey dedicado a Ricardo Carballo Calero... Din que unha frox verdegada amañescú na badía...

En sus propias palabras, leyó tranquilo, pero recalcando la lectura con fuerza y terquedad, siempre estuvo orgulloso de ello.





Antonio Fraguas, primero por la izquierda. A la derecha Xosé Mosquera «O vello dos contos».

Que la lectura elegida fuese un poema de Fermín Bouza Brey pudo ser debido a que el juez, escritor y poeta también formaba parte de la Liga Santiaguesa Pro-Estatuto y no es descabellado pensar que fuesen amigos en esa época.

En su etapa radiofónica Fraguas fue conocido como *el señor de los castros* y es que en sus colaboraciones solía hablar de ellos, de leyendas, mámoas, encantos de los castros e incluso llegó a representar alguna obra de teatro. Un año después (1934) ocupaba las plazas de secretario y profesor en el Colegio Subvencionado de 2<sup>a</sup> Enseñanza de A Estrada. Y Fermín Bouza Brey era el juez en esta localidad.

A su vez, en la calle Calvo Sotelo, al lado de la actual plaza da Farola, residía un militar retirado, no por edad sino por haberse acogido a una ley de retiro del gobierno de Azaña, se trataba del co-



Ángel Pereira Renda con su emisora (1934).

mandante Ángel Pereira Renda, hermano de Virginia Pereira y por tanto cuñado de Castelao. El comandante Pereira se había construido una emisora radiofónica, era un auténtico apasionado del nuevo medio de comunicación (EA1- BS) y se autodenominaba *radiomaniático*, llegó a ganar algún concurso internacional y su pasión por este medio le daría cierta relevancia local en los inicios de la Guerra Civil al poner su emisora a disposición de los vecinos de A Estrada para comunicarse con familiares que estuviesen en el frente.

Durante la contienda su emisora fue requisada y estuvo en servicio oficial con el indicativo D.I. nº1 (Departamento de Información número 1). Al acabar la guerra el comandante Pereira, como prueba de sus conocimientos, llegó a escribir artículos muy técnicos para la revista *Radioelectricidad*.

Regresando a finales de 1934, el profesor de matemáticas Arturo Rodríguez Suárez Villafranca era el director de la Escuela Elemental de Trabajo en A Estrada y entre las prácticas realizadas con sus alumnos llegaron a construir una emisora de radio (EA1-BV). Al estallar la Guerra Civil estuvo en el bando republicano dando partes por radio en Madrid y en el cuerpo de telecomunicaciones bajo el mando del general Lister. Al finalizar la contienda fue enviado al Campo



Reunión de amigos (1935), José Docampo «Casagrande» que años después sería locutor en la Emisora Parroquial, Arturo R. Suárez Villafranca y el profesor Antonio Fraguas.

de Concentración de Albaterra (Alicante). En los años 50, siendo profesor en la Universidad de Murcia, montó un negocio *Arro-su Radio* y fue distribuidor e incluso inventor de instrumentos relacionados con el audiovisual. Con motivo del 50º aniversario

de la Escuela Elemental regresó a A Estrada dónde seguía siendo recordado y admirado por sus alumnos.

Volviendo con Antonio Fraguas podemos contar entre los amigos que hizo en A Estrada al joven José Docampo, que con el tiempo se convertiría en corresponsal para el periódico *Faro de Vigo* y además fue locutor radiofónico en la Emisora Parroquial que funcionó en A Estrada entre 1959 y 1964. Allí tenía un espacio dónde leía sus *Contiños da Terra* en gallego.

En un artículo publicado en *Faro de Vigo*, como homenaje al fallecimiento de José Docampo «Casagrande», D. Antonio asegura con nostalgia:

Algunha vez falamos de radio, lembramos a de Arturo Villafranca, no Instituto e a de Pereira, na sua casa...

Antonio Fraguas, Fermín Bouza Brey, el profesor Villafranca, el comandante Pereira, José Docampo «Casagrande»... Por desgracia la Guerra Civil cambió la vida de todos y les llevó por diferentes caminos. Es más gratificante imaginarles en animadas charlas sobre el futuro y las posibilidades de ese nuevo medio de comunicación del que fueron precursores y que aún a día de hoy (86 años después) nos acompaña, informa y entretiene. La Radio.

## Bibliografía y fotografías

Fundación Caixa Galicia. Varios. *Galicia pola radio. A historia falada. 1933-2008*. Bolanda Ediciones.

Ministerio de Cultura. *Azaña*.

ABEIGÓN VIDAL, Tomás. <http://historiaradioaficionpontevedresa.blogspot.com/>

Artículos de prensa: *El Emigrado*, *Faro de Vigo*.

LÓPEZ VILARIÑO, Pepe, «Radio Estrada, emisora parroquial», en *A Estrada, miscelánea histórica e cultural*, vol. 9 (2006), pp. 307-319.

Museo do Pobo Estradense. Manuel Reimóndez Portela.

Museo do Pobo Galego. Fundación Antonio Fraguas.





# Una *Presentación en el Templo* en lo alto de la iglesia de San Xurxo de Codeseda

María Novoa Fernández  
maria.novoa.f@gmail.com

**Resumen.** El estudio e identificación de los fragmentos de un baldaquino que, por su disposición singular, permanecen ocultos en la zona más alta de la iglesia de San Xurxo de Codeseda, han sido el propósito de este y de otro trabajo previo. Redescubrir ambos relieves olvidados por el tiempo, incorpora a la plástica gallega dos nuevos ejemplos de variantes iconográficas que se antojan escasas dentro del territorio y que han resultado excepcionales.

**Abstract.** Identifying and studying the fragments of a canopy that, because of their unique arrangement, remain hidden in the highest part of the church of San Xurxo de Codeseda, have been the aim of this and other previous work. Rediscovering these two forgotten reliefs incorporates into Galician plastic arts two new examples of iconographic variants, exceptional and scarce.

En un artículo anterior de esta misma publicación abordamos el estudio de una pieza singular con la iconografía de la Epifanía localizada en la iglesia de San Xurxo de Codeseda<sup>1</sup>. Quedaba pendiente de análisis un segundo relieve que constituye el objetivo del presente trabajo. Ambas piezas están actualmente incrustadas en el lienzo mural orientado hacia el ábside que une los dos campanarios de la iglesia de Codeseda. Junto a estos dos fragmentos que consideramos parte de un baldaquino tardogótico, se localiza también un tímpano que acoge la representación del *agnus Dei* con una cruz patada e inscrito en un círculo [imagen 1].

El origen del edificio se sitúa en una fundación monástica alto-medieval en la que posteriormente se habría asentado una comunidad benedictina<sup>2</sup>. Se plantean muchas dudas acerca del origen del baldaquino del que formarían parte los dos relieves mencionados,

1 NOVOA FERNÁNDEZ, M. (2019) «Los Reyes Magos en Codeseda: una representación excepcional de la Epifanía en la iglesia de San Xurxo», *A Estrada Miscelánea Histórica e cultural*, nº 22, pp. 59-81.

2 Remitimos al artículo previo del número 22 de *A Estrada Miscelánea* en el que se hace un breve repaso de la historia del monasterio y del edificio, así como de la teoría del baldaquino para no repetir lo mismo.



Imagen 1. Iglesia de San Xurxo de Codeseda. Fotografía de Pablo Sanmartín y Álex Negreira, *Colectivo A Rula*.

debido a que la documentación relativa al edificio no deja indicio alguno de su presencia en este lugar. Existe, por tanto, la posibilidad de que los fragmentos puedan proceder de otra zona y que fuesen insertados aquí con posterioridad.

En lo relativo a esta pieza, en 1987 Filgueira Valverde recogió los mismos datos que Ángel del Castillo y, así como identificó la Adoración de los Magos, de este otro relieve solo apuntó «otros motivos». Esto hace pensar que pudo tener noticias de la pieza pero no haberla visto en persona o que el deterioro de esta ya era acusado. Desde ese momento, los relieves han quedado catalogados como tal y no tenemos conocimiento de ninguna otra propuesta para su iconografía.

El relieve al que nos referimos tiene unas medidas de 70 cm de altura y 150 cm de longitud, mientras que el de la Epifanía son 70 cm de altura y 144 cm de longitud; en ambos casos debemos tener en cuenta que las piezas han sido recortadas y tendrían un tamaño mayor en origen que en la actualidad. Con estas medidas ambos fragmentos se encuentran dentro de los parámetros que maneja Filgueira Valverde en las piezas que catalogó como baldaquinos, oscilando estos entre 143 cm y 180 cm de longitud y 70 cm y 85 cm de altura<sup>3</sup>.

3 FILGUEIRA VALVERDE, X. (1987), *Baldaquinos gallegos*, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, p. 38.



Imagen 2. Tímpano y relieve de San Xurxo de Codeseda, Fotografía de Xosé Ramos Garrido, ca.1950.

La identificación de la escena se complica por su mal estado debido a la erosión y el desgaste que han sufrido; por ello, han sido de inestimable valor las fotografías que Ramos Garrido tomó de ambas piezas en la década de los 50, así como las fotografías facilitadas por el *Colectivo A Rula*<sup>4</sup> [imagen 2].

### El tema iconográfico

Como ya planteamos en el trabajo anterior, a nuestro juicio se trataba de un relieve que representaba el episodio de la Presentación en el Templo, pero debido a las incógnitas que despertaban ciertos elementos ha sido necesario un estudio más profundo para arrojar luz sobre determinadas cuestiones.

En el extremo derecho se dispone frontalmente la figura del Niño de pie sobre el altar, desnudo, nimbado y con unas extremidades superiores desproporcionadamente largas. En un plano posterior a él hay una figura de la que apenas puede intuirse la silueta y que sostiene entre sus manos un libro abierto. Continuando hacia el lado derecho, la siguiente es una figura femenina sagrada (puede apreciarse parte del nimbo en la fotografía de Ramos Garrido, [imagen 2]) que

4 Agradecemos a Pablo Sanmartín y Álex Negreira del Colectivo A Rula la aportación de las fotografías que han sido fundamentales para poder detectar ciertos elementos, puesto que la pieza se encuentra en mal estado de conservación y expuesta a las inclemencias climáticas.





Imagen 3. Iglesia de San Xurxo de Codeseda. Fotografía de Pablo Sanmartín y Álex Negreira *Colectivo A Rula*.

parece mostrarnos la palma de la mano; le sigue un personaje masculino con bastón y cesta. En el quinto personaje podemos intuir una figura femenina y del último solo se conserva parte de un brazo, el bastón y algunos pliegues de las vestimentas. Además de los daños que se aprecian en este personaje, el corte de la parte superior de la pieza ha provocado la pérdida de la parte alta de las cabezas y lo que resta de ellas muestra signos de haber sido repicadas. Solamente se conservan la del Niño Jesús y San José del panel de la Epifanía [imagen 5].

Con esta somera descripción todo parece indicar que se trata del episodio señalado. Sin embargo, es necesario mencionar que con frecuencia en el arte cristiano la escena de la *Presentación en el Templo* ha sido confundida entre los artistas con la de la *Circuncisión*. Ambas ceremonias aparecen vinculadas con el nacimiento de un niño en la ley mosaica: a los ocho días del nacimiento tiene lugar la circuncisión y a los cuarenta se produce la llamada purificación de la madre en el templo, considerada impura tras el parto.

Analizaremos seguidamente la diferencia entre ambos episodios y algunos ejemplos de sus representaciones artísticas para determinar ciertos elementos presentes en el relieve de Codeseda.

### La Circuncisión

Esta ceremonia que consiste en la ablación del prepucio es una práctica que los judíos tomaron de los egipcios y que la ley mosaica

convirtió en signo de la alianza entre Yahvé y el pueblo elegido. Lo que en sus orígenes era un rito de pubertad termina por establecerse como un rito a los pocos días del nacimiento. Además de constituir una suerte de sacramento, para los judíos también se trataba de un acto de registro en la comunidad familiar y religiosa, puesto que ese día el niño recibía su nombre de circuncisión; lo que entre los cristianos se llamaría nombre de pila (bautismal)<sup>5</sup>.

Si acudimos a las fuentes, el episodio aparece recogido en el evangelio de Lucas 2,21:

Y cuando se cumplieron los ocho días para circuncidarle, le pusieron por nombre Jesús, como había sido llamado por el ángel antes de que fuese concebido en el seno materno<sup>6</sup>.

